


S I L E N C I A D A

F E S T A D A P A L A B R A

4

especial  
Xohana  
Torres



Publicación galega de mulleres  
Galicia. Febreiro 1987

*Quen dixo que nós éramos  
"a noite fria e os amigos mortos"?...*

XOHANA TORRES

**D**edicamos esta Festa da Palabra Silenciada  
a Xohana Torres  
porque xa non aramos sobre os mortos nesta terra  
e corre en "cada parte de nós, movente e viva,  
un río azul choutando polo sangue".  
porque deixamos de tecer labores incesantes  
para crear novos mencerios coas mans e coas palabras.  
porque Ela chorou por todas e para sempre,  
solitaria,  
e nós, da man, cantamos  
"a esperanza contida dentro da luz da tarde",  
porque non compartimos as liturxias obscuras  
de incensar aos mortos denostados en vida  
porén sobre os cons e co salitre oficiamos  
"ceremonias solares para erguer os tesouros"  
e os mitos,  
porque amamos a mar contigo, Xohana,  
"a continua cadencia onde se escoita a vida",  
porque fundache "unha banda de memorias"  
como paxaros soltos que convocan,  
o amor e a terra sempre,  
os versos que si "moverán montañas",  
porque no teu "tempo cairon as palabras"  
queridas, festa de palabras,  
que recollemos hoxe, así camelias  
para adornar as cabezas como deusas.  
porque contigo Galiza enhéusenos de luz e de gaivotas  
que un día destes, de tanto amor,  
será un prodixio,  
viranche comer na man.

María Xosé Queizán

|                                     |  |
|-------------------------------------|--|
| <b>SILENCIADA</b><br><b>FESTADA</b> | <b>PALABRA</b>   |
|                                     | <p><b>C</b>oordinación.- M. Xosé Queizán<br/> <b>D</b>iseño e maquetación.- Margarita Ledo Andión.<br/> <b>I</b>lustracións.- María de Felipe e Marta Outeiriño.<br/> <b>P</b>ortada.- María de Felipe.<br/> <b>C</b>olaboradoras.- Isabel Mouriz, M. Camino Noia, Carmen Blanco, M. Xosé Queizán, Margarita Ledo Andión, Anxelos Peñas, M. Ríos Panisse, Teresa Barro, Kathleen N. March, M. Carmen Panero Menor, Elena M. Alvaredo, M. Pilar J. Aleixandre, Ana Romaní, Elena Janeiro, M. Carmen Kruckemberg, Emma Luaces, Cristal, Xela Arias, Dolores R. Seoane, Pilar Pallarés, Margot Chamorro, Rosa Bassabe Roibal, Sabela Alvarez Núñez, Rosario Pena, Rita Más Ibañez.<br/> <b>I</b>mprimiu.- Artes Gráficas Galicia, S.A. Vigo.</p> <p style="text-align: right;">Depósito Legal VG-241-1983</p> |

# XOHANA TORRES E OS MEDIA

Xohana non existe. Só existe o escritor, a escritora que os Medios de Comunicación deciden que exista. Existe o escritor que lle acae ás organizacións informativas ou ben á principal fonte informativa das organizacións de prensa, as Institucións. Territorio dos Media que sustitúe á realidade. Sustitución groseira, troco do estereotipo de escritor igual a oponente, bomba de spray na man, e soerguemento do escritor afouto, sen mácula, atinado na sua neopreocupación civil – mesmo parlamentar –, o escritor-xuiz – e parte que reparte –.

Els o escritor que chega a se enxertar nas páxinas dos Medios de Comunicación. En Galicia. Ou os figurantes, recurso para ‘fait divers’, escritores en papel de aprodía – último degrao do xénero –, lendo pregons ou na rotina de concursante á literalidade, competindo por un espacio marxinal e sen pano de fondo. Anque nen sempre seña así. Existe un tempo para o que as páxinas dos xornais ou os espacios radio-televisivos falan do escritor, aquela peza arqueolóxica de fai cen anos, e cómnero conmemorando.

E Xohana, escritora contemporánea, non existe nos Media. E ela propia, á marxe desta falsificación do territorio real polo territorio informativo, decide non existir nos Media. Actitude disfuncional, actitude de Autora, exemplar perfil dun país que tampouco existe no fluxo informativo dominante.

Tamén por iso *Festa da Palabra Silenciada* trae hoxe ás súas páxinas a información e a análise más comprida verbo de Xohana Torres, convuntando o obxectivo de profundizar no

coñecemento da creación cultural no noso contexto e mais crebando a rotina ‘post-mortem’ da práctica dos Medios de masas en Galicia. E tamén porque sabemos que editar unha revista de grupo como *Festa da Palabra Silenciada*, establecer novos criterios de lectura, remata por premer tanto nos medios ortodoxos canto nas mesmas Institucións. Fai un ano reclamabamos o vindeiro ‘Día das Letras Galegas’ para Francisca Herrera Garrido e agora, para 1987, a Academia – os señores da Academia – decideuno así.

Quizabes no seo da liturxia que caracteriza ao noso contexto semelle unha acción radical adicarle un monográfico a unha persoa que vive e, áinda máis, adicarle un monográfico sen contarmos, sequer, cun material iconográfico acaído – ou seña, espectacular – para o someter a tratamentos de reproducción sofisticados e demostrar, deste xeito, estar a ben coas pautas da imaxe nos Mass Media.

Non hai espectáculo. Mais tampouco haberá foto-atestado, foto-carnet, persoero de aspecto anodio, cubre-buratos.

A imaxe de Xohana é segmentaria mais é frontal, estantía, sen tensións competitivas, acompañada por ilustracións orixinais de duas creadoras plásticas, segundo a liña gráfica que define *Festa da Palabra Silenciada*.

Imaxe segmentaria, que Xohana quere. Autora que deserta do eido xornalístico (sen entrevistas, sen declaracions, sen colaboracións...), opción a-mediática. Xohana Torres a se expresar na súa poética e reservando, co luxo que outorga o dereito a así

facelo, ese territorio persoal ou común que non debe ser engulido pola prensa.

En *As Armas e o Povo*, Glauber Rocha entrevista a unha muller portuguesa que, a través da cámara lanza as suas reivindicacións ao mundo – tal vez a um longínquo poder – que verdadeiramente ali cré estar concentrado. E à cámara – assim posta no lugar de Deus – que ela pede uma casa. A técnica e os media como illusao de um contacto com o mundo’. É un texto da Cinemateca Portuguesa a propósito do 25 de Abril en imaxes. Os Medios e Deus no lugar mellor da casa.

Margarita Ledo Andión

## NOTA BIO-BIBLIOGRÁFICA

|  |   |   |
|--|---|---|
|  | <p>"No movemento literario de hoxe, non podía faltar a muller. A súa actividade está unida ó porvir histórico da terra".<br/>XOHANA TORRES. Santiago, 1957.</p> <p>Nada en Santiago de Compostela en 1931 Xohana Torres é, sen embargo, ferrolá de sentimento pois esta foi a cidade da súa nenez e mocedade ata pasados os trinta anos. En Ferrol cursou os primeiros estudos no Colegio de Enseñanza General. En Ferrol tamén escomenzou a súa formación literaria baixo o maxisterio de don Ricardo Carballo Calero —profesor seu— que orientou a súa vocación literaria. Témola outra vez en Compostela polos anos 57-58 na Facultade de Filosofía e Letras. Abandonou a carreira porque, ó parecer, non se sentía atraída polo ensino.</p> <p>Co seu home —Marino Mercante de profesión— viaxou por Europa, Asia e África. Na actualidade vive en Vigo ou en Monteferro, respondendo sempre á chamada do mar que a leva non poucas veces ó seu inesquecible Ferrol.</p> <p>En anos difíciles para o galego e con só vinteseis anos, Xohana facía afirmacións tan contundentes como a que encabeza estas liñas. Era o ano 1957, a cíta pertence á introducción ó seu recital de poesía nova no Círculo Mercantil de Santiago. Xohana Torres por esas datas xa dera recitais de poesía galega no Casino ferrolán e recibiría (en 1955) o primeiro premio de poesía da Asociación da Prensa de Vigo co poema <i>A nosa primavera, toxos</i>.</p> <p>Dirixiu nos anos sesenta a emisión da "Voz de Vigo" titulada "Raiz e tempo". É o primeiro programa cultural</p> | <p>en galego daqueles tempos. No equipo traballaban a reo sen gañar un carto, M.º Xosé Quinteiro, Pozo, Beiras e outros; Xohana facía os guións de contido informativo cultural e literario. Foi colaboradora asídua nas revistas Aturuxo, Vieiros e en publicacións hispanoamericanas. Grabou discos con textos galegos (Castelao, Cunqueiro e poesía medieval). Debémoslle tamén as primeiras traducións de contos: <i>O abeto valente</i>, <i>O globo de papel</i>, <i>Todos os nenos do mundo seremos amigos nunha nova terra</i>.</p> <p>Xohana Torres é poetisa, autora teatral e novelista —sempre en galego—. Cultiva ademais a literatura infantil e o ensaio.</p> <p><i>Do sulco</i> é o primeiro libro de poesía. Con esta obra inaugúrase a colección Illa Nova creada por Galaxia no ano 1957. DE 1980 data o segundo libro de poemas <i>Estacións ao mar</i>. No tempo transcorrido entre estas dúas obras Xohana publica teatro, novela e conto. Dúas pezas de teatro: <i>Á outra banda do Iberr</i> (1965) pola que recibiu o premio Castelao e <i>Un hotel de primeira sobre o río</i> (1968). Deste mesmo ano é o conto <i>Polo mar van as sardiñas</i>. Coa novela <i>Adiós, María</i> gaña en 1970 o Premio Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires. <i>Tempo de ría</i> é o último traballo de creación poética desta escritora, está para sair do prelo. Son poemas de Vigo que teñen como "leit-motiv" as illas Cies.</p> <p>Deixando á marxe o seu labor creador —que será analizado máis polo miúdo nos traballos que componen este dossier— só dicir que Xohana Torres é unha escritora galega de grande rigor formal e orixinalidade estilística que demostrou desde sempre un fondo compromiso co seu país.</p> |
|--|---|---|

Isabel Mouriz

## SOBRE A ESTRUCTURA DE ADIÓS, MARÍA

Cando en 1971 se publica a novela *Adiós, María*, premio "Galicia" do Centro Galego de Buenos Aires, a súa autora xa era unha escritora coñecida no mundo literario galego; tiña publicado dúas obras de teatro e un libro de poemas.

Nesta nova obra Xohana Torres volve a ofrecernos a visión do mundo a través dunha muller como xa fixera nas súas pezas de teatro. A diferencia está en que agora as vivencias femininas están vistas a través dunha rapaza de quince anos, María, que é a protagonista-narradora.

A novela presenta dous planos: o mundo interior dunha mocía, que nos vai contando a súa peripecia personal en contacto cun mundo adverso que lle toca vivir. O outro plano está representado polo mundo exterior que podemos advertir no desenvolvemento da narración. O drama personal da protagonista está imbricado no drama social, que se centra nun feito real, a perda do posto de traballo do pai de familia ó suprimírense os tranvías da cidade de Vigo. A problemática interior da rapaza que se vai facendo adulta prematuramente e os acontecementos que se van sucedendo, como consecuencia do paro en que queda o pai, están narrados en primeira persoa a través dun longo monólogo. A protagonista, que cumple quince anos no espacio temporal da narración, aparece como a heroína problemática en contraposición a unha sociedade conformista e dregadante.

Por outra parte, na obra conviven dous elementos importantes: a crítica social e as formas narrativas non tradicionais que se utilizan na novela. A historia non segue unha liña argumental na que se sucedan accións



|   |  |  |
|---|--|--|
| <p>consecutivas que rematen nun final desencadeador, o tempo distorsiónase na acción, acción que apenas existe, queda reducida a pequenos acontecementos cotiáns dunha familia composta polos avós e netos, cos pais na emigración. A auténtica acción da novela ven se-la interpretación dos episodios familiares e sociais que xorde arredor dunha familia rural establecida nunha barriada da cidade, que nos dá a protagonista, o tempo que vai amosando os seus problemas personais. O enfrentamento que existe entre os dous mundos, o aldeano e o urbano, que aparece reflexado nos problemas de integración que sofre esta familia, é un elemento recurrente ó longo do relato. A familia habita un piso das casas acollidas do concello e acaba por volver prá súa casa da aldea.</p> <p>No discurso narrativo van aparecendo unha serie de descripcións intrascendentes, que nunha lectura rápida parecen non ter ningunha función narrativa dentro da historia:</p> <p><i>"Pepito iba aos partidos dos domingos botando fume cun puro abano enorme que lle merca no estanco á filla da Adelita. Toma rica para un refresco, dálle á rapaza un peso de propina, moi rumboso o señor, téñolle rabia, leva na solapa a insignia do Pontevedra Club e un banderín do mesmo equipo, que forofo, no parabris do coche lerá quen queira "Hai que roelo, Viveres Pepito". P. 48.</i></p> <p><i>"E repiten a historia dos seis meses ás voltas cun préstamo para reforma dos cortellos,</i></p> | <p><i>tira o Arnaldo dos planos, documentos, todo pola vía legal, as cousas hai que facelas ben ou non se fan, Instituto Nacional de Colonización previo asesoramento do perito, entregue todo que está perfectamente, catro mil pesetas, trámites conseguintes e os adobos, total, nena, o projeto auga de borralhas, seis meses de fumando espero e adiós compadre, vaia consolándose, cúrese ben os nervios que é o principal, non sabe onde se mete como non se cuide". P. 40.</i></p> <p>Son flashes sen continuidade, non teñen un final globalizador, anécdotas da vida interpretadas pola consciencia da protagonista, que amosa unha grande capacidade de análise sobre a sociedade. Estes pequenos relatos que describen aspectos personais ou sociais teñen como función a creación de ambientes e de indicadores de actitudes da microestructura social na que se desenvolve a vida dos personaxes. As situacións descritas, os lugares e obxectos fan referencia a simple cotidianeidade do mundo doméstico das familias de traballadores:</p> <p><i>"a ver, un autobús, e como cheiran os autobuses nas horas punta<br/>a humanidá<br/>a xente suda de calor<br/>a traballo<br/>a xente move os brazos, colle unha pá, a grasa, o sebo, a lubrificación é necesaria para conservar</i></p> | <p><i>as máquinas e os corpos. os homes que saen do traballo collen os autobuses e pensan somentes en chegar á casa sen enterarse nunca de que ti vas ao mellor de paseo, colle un autobús na hora punta e hastra te mareas co sudor". P. 81.</i></p> <p>Con todo, o elemento formal máis característico da novela é o emprego do tempo. Pódese afirmar que o tempo é a parte esencial do relato porque é un tempo suxeitivo, interior, conducido pola percepción da narradora, que é a que manexa a realidade manifestándose por veces en espacios de tempo longos e continuados, mentres que outras queda reducido a pequenas impresións.</p> <p>A novela comeza cando os pais xa están emigrados en Francia e logo volve atrás para contar sucesos anteriores á marcha destes. A medida do tempo dánola a protagonista, os acontecementos van aparecendo segundo acoden á súa mente, enmarañados uns nos outros. É un tempo distorsionado, propio do monólogo interior.</p> <p>Possiblemente fose esta característica tan sobresainte da novela a que levara a dicir que <i>Adiós, María</i> seguía as liñas da Nova Narrativa Galega. De certo a novela de Xohana Torres ten elementos utilizados na Nova Narrativa; ademais da distorsión do tempo narrativo nunha sucesión de momentos, a relevancia que adquieren os obxectos no entorno humano e os personaxes, que aparecen diseñados pola interpretación da protagonista, recordáronos algúns relatos dos autores da Nova Narrativa.</p> |
|---|--|--|

|  |  |  |
|--|--|--|
|  |  |  |
| <p>Esta semellanza é só aparente pois existe unha diferenza fundamental no tratamento que se fai dos mesmos elementos narrativos nos textos da Nova Narrativa e na obra de Xohana Torres.</p> <p>A minuciosidade que aparece nas detalladas descripcións, que atopamos en <i>Adiós, María</i>, que, por veces, chegan a ser series continuadas de obxectos, como, por exemplo, neste pequeno texto:</p> <p><i>"Cas dos abós, perpiño baixo, piso e faiado cama, mesas, aparador, tresillo plástico, falta a lámpada que está para cair.</i><br/> <i>.../</i><br/> <i>Televisor de dazanove pulgadas a plazos neveira tamaño mediano, idem o sistema, cincocentas oitenta pesetas. Unha letra firmada. Calentador de butano, paga extra .../</i><br/> <i>Ducha. Tampouco era lata o carreiro de olas de auga fervendo, encher a tina de zinc e sen graduación posible .../</i><br/> <i>Mesa de cociña con tapa de poliéster e para de contar". P. 41.</i></p> <p>É un aspecto funcional do relato dirixido a crea-la ambientación da historia sinxela, que se conta, e a poñer notas críticas sobre diferentes problemas sociais. Os textos da Nova Narrativa, onde a descripción de obxectos é tamén un dos elementos máis característicos, diferéncianse en que as descripcións teñen finalidade en si mesmas, porque as cousas son parte da acción do relato, teñen vida propia.</p> | <p>Nestes relatos non aparece unha relación precisa entre o home e os obxectos, o fundamental é amosa-la presencia núa, illada das cousas, que mesmo chegan a ter dimensión humana en tanto que participan da vida dos homes. As cousas están aí, os personaxes soamente as deben ollar, han de constatar simplemente a súa forma, non poden ter ningún tipo de relación con elas. Para os novos narradores existe un interese preciso en marca-la relevancia das cousas frente ó home. O primeiro teórico da Nova Narrativa, A. R. Grillet indicou: "As cousas son as cousas e o home non é máis só home" (<i>Pour un nouveau roman</i>, Ed. Minuit, París, 1963, P. 67). Este obxectalismo non se atopa na novela de Xohana Torres, xa que aquí as cousas ofrecénsenos mediante a impresión que delas ten a narradora-protagonista. Maxa capta os obxectos que están non seu entorno, e que dalgunha forma teñen relación coa súa propia vida ou coa vida dos seus. Hai unha relación estreita entre os personaxes e mailas cousas coas que conviven, que non se limitan a ter forma, senón que forman parte das manifestacións más íntimas porque, en realidade, os personaxes dependen das cousas. E a suxerencia desta dependencia serve para denuncia-lo consumismo que domina ós homes:</p> <p><i>"¡O que sabe o Xermán de coches! e todo na vida é o mesmo, está claro pasar polo aro, hai que manter a pureza por encima de todo, é que tú non sabes, Maxa, ¿A Alemania Federal? Volkswagen, Opel, Mercedes, N.S.V., B.M.W., Audi, Porsche,</i></p> | <p><i>de impresión, e para un motor de tipo deportivo, unha caixa de cinco marchas, a quinta, superdirecta como os Alfa Romeo". P. 29.</i></p> <p>A protagonista abrumada pola realidade sinte e pensa nas cousas. En tanto ós personaxes, a Nova Narrativa preséntanos personaxes caricatura, seres anónimos dos que o lector non ten ningunha referencia ni física, nin sicolóxica, nin, tan siquera, social, ata o punto que moitos destes personaxes carecen de nome. A identificación dos personaxes non ten importancia na Nova Narrativa, o que verdadeiramente interesa é amosa-la traxectoria do personaxe anónimo, que na maior parte dos relatos é un home que xeirea, que vai dun lado para outro: pola vila, pola propia casa, ou mesmo dentro dun cuarto. Neste andar sen sentido quérrese amosa-la impotencia para comprender o mundo e para compartilo; o home apártase, pois, da realidade abxetual e mira desde fóra, colócase no exterior en posición de marchar, de fuxir. Nada disto atopamos en <i>Adiós, María</i> onde os personaxes posúen unha clara identificación, teñen nome, orixe e vivencias cotiás. Certamente</p> <p><i>a protagonista tamén parece non entenderlo mundo no que vive, e mirao desde fóra, pero a diferencia dos personaxes-anónimos da Nova Narrativa, Maxa participa da sociedade, actúa e relacionase cos outros.</i></p> <p>Con todo os personaxes non ocupan un espazo físico, non están</p> |

|   |   |   |
|---|---|---|
| <p>presentes a través dos seus propios sentimientos, son parte da narración manipulados pola mente da protagonista, pero mesmo así cada un deles consegue a súa propia personalidade diante do lector: a avoa é unha muller simple, difícil de soportar e algo inxusta; o avó, Kaiser, é un home dunha forte personalidade, aparece na novela como o patriarca que resolve os problemas e sabe "case todo", é "un tipo especial"; o irmán de Maxa, O Xermán, un tipo ye ye, moi coidado pola avoa. Un rapaz de dezaseis anos mergullado no mundo de intereses da xuventude urbana que pasa da familia. E así podíamos ir describindo cada un dos outros personaxes sempre a través dos datos que nos ofrece a protagonista:</p> | <p><i>"a nai /.../ a beber vasos de auga con aspirina, Maxa, ai filliña é que mesmo me voa a cabeça... A vella, ai, ai, qué cansa estou. Párase en nun repente, bota logo o aire con forza pola boca, fallarlante os bofes, suposicións somentes porque o intre tampouco era o más indicado pra preguntas; xa podía morrer o Petigrí que nesta casa ningúen se enteraba, da noite pra a mañá todo pode cambiar na vida dunhas xentes normales coma nós..." P. 33.</i></p> | <p>veces resultan simples, anecdóticas mentres que noutras ocasións son análises fondas da realidade social:</p> <p><i>"Dúas mulleres xuntas son o colmo. Animadísimas: "Ai, Oti, tés unha man para o licor, sáeche riquísimo, é difícil de facer?" /.../ Dúas mulleres xuntas, recetas de cociña, o bacallau. Ai, Oti, os homes son dunha boca fina, sempre macarróns, sempre macarróns home, claro, co que ti ganas, protéstame Román, imos xantar bistés todos os días. As mulleres, revistas, Hola, Garbo, La femme elegante. Dúas mulleres, tres mulleres xuntas falarán de modas, de que van falar, a ver: /.../ Unha, dúas, tres mulleres, todas as mulleres acabarán falando do seu peso, seguro, se o saberei eu". P. 14.</i></p> <p><i>"No restaurante Eladio non hai problema de intoxicacións, ollomol, rabalizas case moviendo o rabo, escama escintilante, as sardiñas tesas, todo a pedir de boca nos importantes bares da ciudá. /.../ Eu paso e pago porque podo, i eu mentras en Cantador ceando a carón do lar a ver quén abre a boca pra pedir un abrigo cos pais en Lille dándolle</i></p> <p><i>ás usines o ao corisco, a ver quén pode, nin tan xíquera penso nos zapatos de moña que me levan os ollos na tenda de Manel". P. 113.</i></p>  |
| <p>É, precisamente, este xeirar a cotío dos personaxes da novela o que permite face-la crítica social do consumo, da emigración, das diferencias de poder adquisitivo. Crítica que vai conducida polas análises e comentarios da protagonista, que, por</p>   | <p><i>á</i></p>   | <p>No primeiro texto, por exemplo, faise unha crítica fácil caricaturizando ás mulleres como uns seres simples, que soamente se preocupan das cousas domésticas, intrascendentales, e de seu aspecto físico. En troques, no segundo texto aparece unha clara denuncia da sociedade, que permite a diferencia de capacidade adquisitiva existente entre as distintas clases sociais, propio dunha narradora adulta con conciencia política.</p> <p>Os personaxes secundarios pois, a diferencia dos relatos da Nova Narrativa, xogan un papel importante na narración, pois ademais de funcionar como tipos sociais complementarios na descripción da realidade social, configuran a personalidade da protagonista e danlle motivos para a súa interpretación do mundo.</p> <p>A autora de <i>Adiós, María</i> quere contarnos unha historia con personaxes reais cos seus problemas e miserias, e para isto vérese do monólogo interior que lle permite empregar un tempo sicolóxico, distorsionado e unha forma de narración nova, presentando os obxectos e acontecementos cunha sintaxe simple, tal como acoden á mente.</p> <p>De querermos buscar semellanzas con algún movemento literario, recurrirímos á narrativa hispanoamericana dos anos 60, movemento que tamén conxugaba os dous aspectos: a crítica social enmarcada en novas técnicas narrativas.</p> |

# A POESÍA DE XOHANA TORRES

*A Xohana, que quixera ser peixe,  
e a miña filla, Mariña,  
desde o lobo mar meu.*

O inicio de Xohana Torres no mundo literario é un inicio poético que ten lugar coa publicación en 1957 de *Do sulco*. Desde este momento non abandonará xa o cultivo dos distintos xéneros, en especial o teatro e a narrativa, destacando, dentro desta última, a infantil, á que aporta tanto criacións proprias como traducións.

Mais a súa segunda e última entrega poética en forma de libro non aparece até 1980, vintatres anos despois da primeira, baixo o título de *Estacións ao mar*.

O conxunto da poesía publicada por Xohana Torres está formado, pois, por un poemario xuvenil e un completísimo poemario da madurez. Entre ambas media un longo silencio, só roto por pequenas mostras en revistas e antoloxías que nos falan dun traballo poético constante, prolongado máis alá do último libro.

## I. FORTUNA CRÍTICA

Polo que se refire á valoración da súa obra por parte da crítica, esta é desigual. O primeiro libro foi acollido cun grande entusiasmo no ermo existencial dos anos cincuenta. Mais o propio prologuista, Ricardo Carballo Caiero, se ben sinala a presencia dunha forte personalidade poética, fai fincapé tamén, desde a súa perspectiva estética clásica, na necesidade dunha certa dose de contención e luimento.

O paso do tempo deitou novas sombras sobre *Do sulco*. Efectivamente, nos anos setenta Basilio Losada na súa antoloxía *Poetas gallegos de posguerra* (1971) considera o libro obra de xuventude, relacionándoo cos poetas de Brais Pinto e antologando só poemas posteriores que, en boa parte, logo engrosarían *Estacións ao mar*. O mesmo Basilio Losada non incluirá posteriormente á autora en *Poetas gallegos contemporáneos* (1972), antoloxía de liña estética social; de todos xeitos o feito non resulta ser demasiado significativo pois tan só están presentes dous poetas da súa xeración: Manuel María e Xosé Luis Méndez Ferrín.

Desde outra perspectiva crítica, mais tamén nestes anos setenta, Miguel González Garcés na súa *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)* (1976) louva a frescura xuvenil do libro mais rexeita o que considera que nel hai de sentimentalismo fácil e paisaxismo tópico, á vez que valora moi positivamente a produción inédita da escritora.

Mais tamén o tempo iluminou a obra e, neste sentido, destaca a valoración claramente positiva feita por Méndez Ferrín. Este crítico fala en *De Pondal a Novoneyra* (1984) da extrema orixinalidade do libro ao que califica de excelente.

Frente a estas distintas opinións en relación coa primeira obra poética de Xohana Torres, parece haber unha clara unanimidade polo que respecta á consideración positiva de *Estacións ao mar*. Así o evidencian o feito mesmo de que se lle outorgase o Premio da Crítica en 1981 e as repetidas alusións á importancia dos poemas inéditos, logo incluídos nese libro.



Carmen Blanco

|   |   |  |
|---|---|--|
| <p>Quizá tan só se pode anotar a discrepancia de César Antonio Molina, quen na súa <i>Antología de la poesía gallega contemporánea</i> (1984) cita a Xohana Torres no grupo das destacadas poetas femininas do século XX, antologando de entre elles só a María Mariño.</p> <p>Despois de feito este recorrido podemos concluir coas palabras que Francisco Fernández del Riego lle dedica na <i>Historia da Literatura</i> (1984), recollendo o sentir crítico predominante e a súa particular visión da escritora.</p> <p>Aínda que nos poemas deste volume <i>Do sulco</i> evidenciou a autora unha notoria intensidade lírica, había ser no seu recente libro <i>Estacións ao mar</i> onde revelaría unha verdadeira dimensión creadora(1).</p> <p>As opinións e valoracións devanditas son perfeitamente explicábeis desde as distintas perspectivas adoptadas polos críticos que por si mesmas sirven para caracterizar a personalidade poética de Xohana Torres. Así, por exemplo, a súa ausencia das duas antoloxías que mellor representan o gosto estético dos setenta e dos oitenta respectivamente, <i>Poetas gallegos contemporáneos</i> de Basilio Losada e <i>Antología de la poesía gallega contemporánea</i> de César Antonio Molina, evidencia o afastamento das modas literarias por parte da autora.</p> <p>Asimesmo, a crítica clasicista de Carballo Calero revela a personalidade excesiva e, neste sentido, barroca e romántica e, nunha palabra, anticlásica de Xohana Torres.</p> <p>Por outra parte, o sentimentalismo de <i>Do sulco</i>, apontado por González</p> | <p>Garcés, ten efectivamente unha certa presencia neste libro, mais nel predomina, como moito máis claramente ocurrirá en <i>Estacións ao mar</i>, a grande forza dos sentimientos, que será outra das características poéticas da autora. O mesmo paisaxismo tópico dö que fala González Garcés a propósito de <i>Do sulco</i>, está presente nunha serie de poemas que responden, na súa apariencia externa, ao paisaxismo tradicional, aínda que este sexa superado na concepción profunda do texto, dando paso á omnipresencia física e material da natureza que caracterizará a mellor poesía da escritora.</p> <p>Por último, a plena aceitación crítica de Fernández del Riego e Méndez Ferrín responde ao afincamento de ambos autores nunha estética más nacionalista, na que está fondamente arraigada Xohana Torres. Isto apóntao certeiramente Méndez Ferrín (cuxa obra se atopa neste aspecto moi perto da autora) cando dí:</p> <p>O amor á Terra é ardente; abrasa.<br/>Neste libro está algunha da mellor poesía nacionalista que se ten escrito en Galicia(2).</p> | <p>orixinalidade e o exceso. O mesmo parecen suxerir as críticas más lúcidas.</p> <p><b>A) ORIXINALIDADE</b></p> <p>Con respecto á orixinalidade podemos sinalar que, por exemplo, cando Carballo Calero expón a necesidade de "afinar o ouvido pra se familiarizar co ritmo de ista nova voz"(3), ou Méndez Ferrín destaca a "extrema orixinalidade (...), o insólito das asociacións e das contradicións semánticas entre o adjetivo e o nome"(4), están, implícita ou explícitamente aludindo ao carácter innovador e rurista da súa linguaxe poética. Esta linguaxe agroma xa en <i>Do sulco</i> para mostrar todo o seu explendor en <i>Estacións ao mar</i>.</p> <p>A persoalísima linguaxe nova de Xohana Torres lánzase vertiginosamente á percura da expresión dos sentimientos, das sensacións, dos pensamientos más inefábeis, tal como mostran mesmo estes versos do primeiro poema de <i>Do sulco</i>:</p> <p><i>¡Soidá, miña Patria dos días,<br/>peito total, escurecido, enfermo!</i>(5)</p> <p>Aínda así esas realidades resultan inapreixábeis e a palabra, frente á vida que transcorre, segue sendo só iso; palabra contra o tempo:</p> <p><i>Si eu pregonara: Acó estivo o meu [nome],<br/>acó bateu o sangue, tal como foi,<br/>milagre para un río,<br/>riso hastra os beizos, ilusión a flote,<br/>nunca diría nada comparado<br/>con todo o que eu fun<br/>e endexamais quedará nas palabras!</i>(6).</p> |
|---|---|--|

|   |  |  |
|---|--|--|
|   |  |  |
| <p>B) EXCESO</p> <p>Polo que se refire ao seu carácter excesivo, tamén ten sido exposto, áinda que de maneira crítica, por Carballo Calero, quen di que na súa "cítola aprétanse os conceptos como edras"(7) e que "con esa riqueza de materiais que recibiu en dote, ten que edificar, i edificar é ordear, escolmar, rexitar e luir"(8).</p> <p>Dito carácter excesivo, torrencial e caótico déixase ver no feito de que trate de mostrar nun só poema a multiplicidade de sucesivos instantes vitais, através dunha linguaxe asimesmo múltiple, na que se dan cita os más diversos rexistros lingüísticos, puntos de vista, cambios temáticos, imaxes más varias... Isto é o que ocorre especialmente nos libros "O tempo e a terra", "O tempo e a memoria" e "Elexías a Lola" de <i>Estacións ao mar</i>, onde a estrutura dos longos poemas parece estar motivada polo libre discurrir do pensamento en soedade.</p> <p>Este carácter acumulativo é un rasgo inherente á personalidade poética de Xohana Torres e, polo tanto, permanece despois do constante traballo sobre a propria palabra do que nos falan as até tres e catro versións publicadas dun determinado poema. En moitos casos, através do aspecto caótico déixase ver a alucinante lucidez da irracionalidade, como no seguinte anaco dun poema:</p> <p><i>A noite cría sonños incompletos por riba da vila. Ista é a miña casa; iste o aleiro a onde suben as sombras.<br/>As altas horas hai un coro puntual de voces, remusmuses confusión ideal para os poemas;</i></p> | <p><i>formas, escadas, signos, residencias ás que transbordaremos sen remedio(9).</i></p> <p>Palabras como estas dánnos pé a falar dunha <i>poética da confusión</i>, na que Xohana instala rilkeanamente a súa casa.</p> <p>III. UNHA POÉTICA RADICALMENTE INTIMA</p> <p>Estreitamente vencellado coa autenticidade da súa poesía está o radical intimismo do que esa parte e que mostran á perfección estas palabras:</p> <p><i>Eu canto escuramente<br/>nista soia virtude<br/>de non falar de menos dentro(10).</i></p> <p>Ademais, esta poética radicalmente íntima é tamén unha <i>poética da profundidade e da soedade</i>, como víramos que o era da confusión. En efecto, a radicalidade leva a topar fondo en percura da explicación última e primixenia, tanto do mundo material como do psíquico:</p> <p><i>Sigo polo máis fondo:<br/>Coma na terra as puntas das raíces (11).</i></p> <p>Da mesma maneira, é a soedade más absoluta o único lugar no que se pode manifestar esa intimidade abismal da que sairá a auténtica palabra nova, distinta:</p> <p><i>Calqueira día pregarémosche, Soidá,<br/>frenovos,<br/>estoupadá a entraña,<br/>en verdadeiro sulco estacionando<br/>a voz interna, conmovida, última(12).</i></p> <p>Nestes últimos versos está a clave poética de Xohana Torres. Por unha banda, evidencian a harmonía existente</p> | <p>entre a forma e o contido da súa poesía, enmarcada nesa linguaxe nova que tenta ecoar a "voz interna, conmovida, última". E por outra, conteñen en síntese a quintaesencia dos seus dous libros "en verdadeiro sulco estacionando" a palabra que tenta apreixar a vida.</p> <p>Precisamente neste último sentido, podemos falar tamén dunha <i>poética da memoria</i>, é dicir, da palabra proustiana á percura do tempo perdido:</p> <p><i>Agora mellor que nunca falaría,<br/>isas tardes lontanas,<br/>a cor innumerable do outono.<br/>Pasan xentes escuras de a cabalo,<br/>pero eu escribo acobillada en min<br/>por un prestarlle o peito a tantas cousas<br/>na presurosa hedra da memoria(13).</i></p> <p>Aínda que no fondo prácticamente toda a literatura participa deste rasgo, hai libros enteiros de Xohana Torres nos que a memoria é o centro, como ocorre en "O tempo e a memoria" e "Elexías a Lola".</p> <p>IV. O TEMPO</p> <p>A cosmovisión que reflexa o conxunto poético de Xohana Torres atópase inmersa no que poderíamos chamar as raíces culturais, as vetas más velhas da nosa cultura autóctona e está en consonancia co más puro pensamento presocrático. En efecto, dada a forte carga intelectual desta poesía (que tan ben conxuga sentimento e pensamento), podemos situar as súas bases filosóficas en relación con teorías como as de Heráclito (a quen dedica moi significativamente un poema en <i>Do sulco</i>) ou Tales de Mileto, por remontárnos aos primixenios e á súa concepción material do mundo, tan afín</p> |

|  |  |  |
|--|--|--|
|  |  |  |
| <p>á autora. O discurrir constante e a auga como principio envolven e asolagan estes versos:</p> <p>Primeiro foi o mar, despois a pedra(14).</p> <p>O tema central de toda a súa poesía é o tempo, é decir, o discurrir constante da vida que non se repite, como a auga do río de Heráclito, como "O río", "O Sil", "A chuvia" de <i>Do sulco</i>, como o "tempo-rio"(15) de <i>Estacións ao mar</i> que todo o barre:</p> <p><i>Istas noites van cheas da humedade do río.</i><br/> <i>E o río non foi fiel, non te anuncia nun eco tan xiquera, nin tampouco lle [dois].</i><br/> <i>Chamado pra vertente bárreo todo(16).</i></p> <p>Nestes versos a auga identifícase coa vida, como nos tempos más antigos, mais en si mesma leva acochada a morte. A dualidade vida-morte aparece de maneira especial no libro "Elexías a Lola", que, moi significativamente, partindo do enfrentamento coa realidade da morte, contén os poemas más fortemente vitalistas da autora.</p> <p>A vida, pois, é o discurrir do tempo e desfaise en morte que non é senón unha transformación da vida:</p> <p><i>Asolágase a Vida, inqueda no seu termo natural de río; xurran risos, sentimientos xurran e istos fortes desexos que voan hasta ás [cousas fanse polen lixeiro cambeando de llogar(17).</i></p> <p>En conclusión, o tempo que pasa preside toda a obra de Xohana Torres</p> | <p>que, neste sentido, é, como dixen, palabra contra o tempo. O motivo das "estacións" devén entón clave: dá título a todo un libro, no que é ademais marco temático, e aparece en moitos dos poemas de <i>Do sulco</i> ("O maio", "A primadeira", "O vran", "Outono", "O inverno").</p> <p>Mais através da palabra poética a escritora quere sentir, palpar, apreixar —se isto fose posíbel— ese discurrir do tempo-vida que latexa en toda a materia. De entre dita realidade material, están presentes en especial a terra e o mar, símbolos da fecundidade vital pola súa renovación cíclica.</p> <p>A) A TERRA (A MULLER)</p> <p>A vivencia da terra podemos dicir que está presente en cada un dos poemas de Xohana, ainda que encha de maneira especial o libro «O tempo e a terra» de <i>Estacións ao mar</i>. Dita vivencia telúrica non ten nada de paisaxística e aparece marcada pola pegada do tempo e do home, constituíndose nunha vivencia da nación:</p> <p><i>Outra vez és a Terra dos teus fillos canle para as espigas, os aires, os madeiros.</i><br/> <i>Ah, nosa Patria definitiva dende a infancia(18).</i></p> <p>A fecundidade da terra, a súa transformación e permanencia a través dos séculos, dos anos, dos días, é saudosamente anciada polo eu poético, desde o primeiro ao último verso: desde a</p> <p>Primadeira: ¿Por qué, por qué non reverberas nos meus ollos?(19).</p> | <p>de <i>Do sulco</i>, até versos como os seguintes de <i>Estacións ao mar</i>:</p> <p><i>Xa non se pode repetir a historia porque eu mire un ronsel e pense no amor que rematou un [día(20).</i></p> <p>A parte desta presencia constante, a fecundidade como teima latexa de maneira especial en <i>Do sulco</i>, onde aparece estreitamente vincellada á vida. Isto é o que ocorre, por exemplo, no poema «Sueiro»:</p> <p><i>¡Qué agoiro, xeme, ponla, se non chegas [a froito!</i><br/> <p>[...]</p> <p><i>Cando fuxa, espírito no Sol, nun vran ideial de rosas, miña xusticia sea emanazón: xurrar.</i><br/> <i>[Xurrar como xurran os días enhéndose de [tempos; xurrar, un xurrar de ista espontaneidade, de femia para fillo, evolución de Terra e [más de xestos(21).</i></p> <p>Outro rasgo da peculiar maneira de sentir a terra por parte da voz poética é a confusión con ela:</p> <p><i>Grave Galicia, miña Temeraria, a Terrible Inmortal, Verdar Terrible. Pideme algúnsa vez que me tenda no po por se tal vez eu poida continuarte(22).</i></p> <p>Este motivo pannaturista, de raíces culturais ben antigas, entronca con outro tema, o da <i>muller</i>, que aparece en grande parte da poesía de Xohana identificada coa terra e, como ela, sulagada nese "xurrar" constante da vida. Até tal punto é así que poderíamos chegar a falar da presencia</p> </p> |
|  |  |  |


do símbolo da muller-terra, poetización actual do mito antigo da Magna-mater, puro canto á fecundidade. Dita carga simbólica apréciase especialmente en certos momentos de *Do sulco*, na personificación feminina de Galicia en "O tempo e a terra" e nesa impresionante recriación da figura da avoa que contén "Elexías a Lola".

Polo que se refire a *Do sulco*, o símbolo está presente en poemas como "O vran", "Mans" ou "A chuva". A este último pertencen os seguintes versos:

*Denantes, miña aboa froescía para argallar un conto de verdes rás de [poza, de diaños, nautas, ventos e de estrelas. Tépeda voz de mundos en feitizo. (Eu apertaba o rostro contra o dengue para pillar os cheiros de follas balorentas) (23).*

Con respecto a "Elexías a Lola", pódese decir que a figura da avoa o enche todo, as estancias, a casa toda, as terras e a terra (a nación) toda: a natureza mesma. Vexámolo nun contido poema:

*Podo decir "O Avia" e eres ti, calmo xurrar do río anegando as orellas Tamén podo decir "Dela non queda [nada senón este rumor que deixa a folla"... O meu corazón coñece territorios que non somete a noite: País onde [nacemos libre de toda sombra. Así o declaro todo: Infancia coma as [lèves e a humedadade da arboreda. (Recordar estas cousas nunha xanela [aberta) Eu non digo "volver", xa sei, non é [posible(24).*



|   |  |
|---|--|
| <p><b>B) O MAR</b></p> <p>Frente ao pasar e non volver do río, símbolo do tempo e camiño da morte, imaxe, por tanto, da fugacidade da vida, o movemento de fluxo e refluxo do mar asegura a permanencia, representando, así, o tempo absoluto e a vida que volve. Este é o significado que o mar ten no conxunto da poesía de Xohana Torres, na que se mostra omnipresente, áñda que apareza de maneira más nida no segundo libro, e, dentro del, en "O tempo e a memoria" e, por suposto, en "Estacións ao mar". As vivencias primeiras, paraísos perdidos, do mar de Ferrol; as outonais vivencias do mar de Vigo; e a plenitude das longas vías mariñas anegan estes versos nunha auga salgada que evoluciona da onda tremecente á serenidade da nostalxia.</p> <p>Como no caso da vivencia da terra, tampouco hai nada de paisaxístico nesta presencia do mar puramente absoluta e total, que Méndez Ferrín ten comparado ás tamén vivencias abismais de Paul Valéry e de Manuel Antonio, e ás que habería que engadir outras como, por exemplo, a de Juan Ramón Jiménez.</p> <p>Ante o mar e co mar parece posibel a volta, a recuperación do tempo perdido:</p> <p><i>Volvo contigo á miña orixe,<br/>mare meu, que intactas me devolves<br/>as cousas que esquecimos das primeiras<br/>festancias.<br/>Todo o aprendín aquí, Lorref, na<br/>(onda)(25).</i></p> <p>Aínda que seipamos que:</p> <p><i>Ninguén retorna do gran reino do<br/>(mar)(26).</i></p> | <p>Entón, o mar manifesta a súa ambivalencia, e a apariencia de símbolo vital positivo devén en desolado signo tanático:</p> <p><i>Lorref, quixera irme.<br/>Todo está feito xa,<br/>o peixe, as redes.<br/>Algo que nin sabla:<br/>As prodíxiosas rutas tamén morren(27).</i></p> <p>De todas xeitos, a súa presencia favorábel pode facer más doadó o paso:</p> <p><i>Ritmo de mar e rosa, a quen vos<br/>(cante)(28).</i></p> <p>A ti, Xohana. ▲</p> <hr/> <p>NOTAS:</p> <p>(1) Francisco Fernández del Riego, <i>Historia da Literatura</i>, Vigo, 1984, p. 205.</p> <p>(2) Xosé Luis Méndez Ferrín, <i>Del Pondo a Novoneyra</i>, Vigo, 1984, p. 284.</p> <p>(3) Ricardo Carballo Calero, "Prólogo" en Xohana Torres, <i>Do sulco</i>, Vigo, 1957, p. 10.</p> <p>(4) <i>Do Pondo a Novoneyra</i>, p. 283.</p> <p>(5) <i>Do sulco</i>, p. 13.</p> <p>(6) Xohana Torres, <i>Estacións ao mar</i>, Vigo, 1980, p. 36.</p> <p>(7) "Prólogo", p. 11.</p> <p>(8) Idem, p. 10.</p> <p>(9) <i>Estacións ao mar</i>, p. 78.</p> <p>(10) Idem, p. 20.</p> <p>(11) Idem, p. 44.</p> <p>(12) Idem, p. 46.</p> <p>(13) Idem, p. 33.</p> <p>(14) Idem, p. 92.</p> <p>(15) Idem, p. 65.</p> <p>(16) Idem, p. 65.</p> <p>(17) <i>Do sulco</i>, p. 65.</p> <p>(18) <i>Estacións ao mar</i>, p. 23.</p> <p>(19) <i>Do sulco</i>, p. 66.</p> <p>(20) <i>Estacións ao mar</i>, p. 91.</p> <p>(21) <i>Do sulco</i>, p. 70.</p> <p>(22) <i>Estacións ao mar</i>, p. 16.</p> <p>(23) <i>Do sulco</i>, p. 21.</p> <p>(24) <i>Estacións ao mar</i>, p. 61.</p> <p>(25) Idem, p. 82.</p> <p>(26) Idem, p. 83.</p> <p>(27) Idem, p. 83.</p> <p>(28) Idem, p. 38.</p> |
|---|--|

# PRA UN ACHEGAMENTO A POESÍA DE XOHANA TORRES

|  |  |  |
|--|--|--|
| <p><i>Galicia.<br/>A barca en punto.<br/>(Pero nunca sabemos a que hora).</i></p>  | <p>dous intres utópicos: a inocencia e o fin. Así nolo constata fermosamente:</p> <p><i>"É que debo decilo: Hai un río<br/>que sanga inútilmente<br/>entre a memoria e pra unha soia morte".</i></p>   |  |
| <p><b>A POESÍA É REFLEXO DO TRÁNSITO</b></p> <p>Estes versos de Xohana poderían ser o título que prologase esa longura de horizontes, esa estadía en ningures, ese camiño interminable, ese tránsito... que é a sua poesía.</p> <p>Sabía ben a nosa poeta o que quería decir cando titulou os seus libros "DO SULCO" i "ESTACIÓNDS AO MAR": <i>Espacio que se abre; tempo que se abre as lonxanías mariñas.</i></p> <p><i>Tempo i espacio</i> construen o <i>camiño</i> que se fai dende a intimidade do escritor; é máis, él mesmo é esas duas dimensións nas que navega e este convencimento vaise enfeitizando, ao longo dos seus libros, de intimas iluminaciós:</p> <p>"Soidá, / máis sulco que un mar antergo", "rastros de rodas", "rutas dos cabalos", "voltas que da a noria", "a vagabunda vocación do home", "partir hastra un Norde / pola rosa dos ventos", "tolo peirao de velas e viaxes"...</p> <p>Os exemplos poderían multiplicarse. Ser poeta é sentirse tempo esborrexinte, esluinte; é navegar no mar heracliano sin paraxe; e cada un dos libros de Xohana afonda e abeira nos terreos desa extrema lucidez. Así o dí expresamente: "<i>Eu meditei nun libro o "Todo xurra"</i>".</p> <p>Logo de tal sabencia soio queda unha actitude existencial e o poeta ven ser o cronista da sua propia morte, a memoria do pasado, un berro entre</p> | <p><b>A POESÍA É VERBA REVELADORA</b></p> <p>A terra que terma dela e das suas nostalgias, Galicia, é o ámeto cósmico no que se realiza a imposibilidade da utopía. Pero arredor del e por riba del está esa "outra" dimensión; ese "irreal" do poeta, que é probablemente o verdadeiro real.</p> <p>Nesta aprensión do "irreal", do insospitado, do invisible, do que toda vida ten de misterioso e inexplicábele, a poesía de Xohana dispese, decántase dende "Do sulco" ata "Estacións..." para escoitar más e más os ecos do silencio. Cecais ahí e onde está esa "cuarta dimensión" do poeta; a que o transfigura pra más aló da triada; tempo, espacio, tránsito. A verba éñchese así de lixeiras reverberaciós, de suixerencias, de escintilaras... pois hai "algo" que non pode ser dito; algo no que a palabra de cada día non pode ser senón muro, impedimento. Entón o poeta ten que se voltar un adiviño, un visionario.</p> <p>Nos primeiros versos de "Do sulco" atopamos xa ese presentimento de que hai un falar sulagado e arcano:</p> <p><i>"Soidá, adentrada de voces a querer<br/>/suscitarse<br/>e non serán de mí. De vós, tampouco".</i></p> <p>O "EU", canso, vello; ise "EU" existencial, que perdeu as raíces do sagro e, polo tanto, os vieiros da eternidade, non poden escoitar tales voces; o seu destiño agora é ser "edra mosteiral", "xílgaro agónico".</p> |  |
| <p><b>Anxeles Penas</b></p>  |  |  |

|  |   |
|--|---|
| <p>Xúnguese nestas reveladoras imaxes a idea de pasadio, de febleza e de cárcere; atributos que señalan as propias limitacións. ¿É a causa delas que se perdeu o Paradiso? A poeta pregunta:</p> <p><i>"¿Onde o soño que busco terá ido?"</i></p> <p>E entón volve a atopar esa voz segreda que agora rí:</p> <p><i>"O latexo rl... Ríse, impasible, en lbulras... Isolamento do corazón que agarda".</i></p> <p>Nun dos más fermosos e estardecedores poemas de "Do sulco", aquel que comenza: "¿E todo para qué, corazón meu...?", Xohana chega aos arredores da más extrema lucidez, a apalpar ese silencio que pecha a verdade; a éla soio lle queda a desesperada pregunta:</p> <p><i>"Quén saberá decir o vento que xa lagarda, o azul donde chegaron con copia nova os ceos, a ledra anunciación que agora non me fala?"</i></p> <p>A "ledra anunciación" é o verbo revelador, a palabra do Anxo; a pescuda na que ten de entregar a vida; pois esa é a sua paradoxa: coñecer que é "o que o silencio pecha, o que siempre me froe"</p> <p>Neste camiño anguriado deica o fin a poeta atopa unha derradeira táboa de salvación, que é <i>o amor</i>:</p> <p><i>"Amemos, pois, amemos, soio iso"</i></p> <p>E ese amor resólvese tamén por vía de entrega, de comunión coa natureza que nos dou o ser:</p> | <p><i>"Cando fuxa<br/>quiero ter sido Eva<br/>en dúceas de mazáns, árbores<br/>(madureiras...)"</i></p> <p>Así remata "Do sulco": coa aceptación do imparábel escoar e pedindo que siga ese canto segredo da inocencia, esa voz tateante que lle emprestaron ao poeta, pra que a sua morte non signifique o definitivo calar:</p> <p><i>"Cando fuxa, lmorrer, sí, pro en vento<br/>(intío)<br/>que unha boca longal, toda de neno,<br/>[tatexe sin respuestas,<br/>a elexía das Nais, solagada nun berce de [silenzio".</i></p> <p>En "Estacións ao mar" o sentimento de impotencia fire coma un espoto, vóltase más nihilista:</p> <p><i>"Sinto un raro silencio de cidade...<br/>Dende o pais absurdo do poema<br/>a cinza vai cubrindo hasta os meus<br/>[labres.</i></p> <p>Ninguén repara en mí. Ningún<br/>[escoita".</p> <p>O "irreal" do poeta, que é a sua palabra, a sua "cuarta dimensión" devén tan inútil como todo nestes versos sin esperanza, nos que Xohana fai o testamento do home contemporán, aillado dos seus tótens protectores, despersonalizado e solo nun sexto piso de cidá.</p> <p>Un último berro, unha última pregunta sin resposta queda ecoando, cando pechamos "Estacións ao mar":</p> <p><i>""¿Pódese alnda<br/>recuperar o campamento anxélico<br/>onde se congrega a pluma?</i></p> <p>A barca da vida está pronta a partir:<br/><i>"Zarpamos pra ningures"</i></p> |
|--|---|

## A MULLER, EIXE CENTRAL NO TEATRO DE X. TORRES

As dúas obras teatrais de Xohana Torres teñen como eixe dramático central a personaxes femininos, ó redor dos cales non só se tece a trama argumental das obras senón que son tamén os de maior riqueza e complicación psicolóxica. A simple afirmación deste feito non é abondo para sostelo e, por iso mesmo, hai que recorrer a unha análise detallada de ámbalas obras para evidencialo con claridade.

Iniciemos esta análise pola primeira obra teatral publicada por Xohana Torres, é dicir, "A outra banda do Iberr". Trátase dunha obra simbólica, cargada de anguria existencial e ligada en moitos aspectos ó teatro existencialista da posguerra europea. Hai ademais nela elementos do teatro épico brechtiano no enfoque colectivo e social. Se houbese que asignar un teatro á literatura da primeira época do grupo Brais Pinto, a obra por miñ elexida sería precisamente "A outra banda do Iberr". A identificación co grupo non reside exclusivamente na anguria existencial de orixe europeísta que enche a obra, senón tamén na atmósfera de inconcreción temporal e espacial que presenta, na elección dos nomes dos personaxes (nominación exótica centroeuropea, poderíamos chamarla: Malen, Estífen, Kurr, o vello Marj) e no simbolismo, escuro e inconcreto, interpretable para o lector, que pode ver, no conflito colectivo da obra, ben unha situación particular dos exiliados do 36 que desexan volver a Galicia (Galandia) ben unha situación xeral aplicable a calquera lugar do mundo e a calquera época na que se desen as condicións de Galandia. Algúns opinarán que o simbolismo con Galicia é evidente e que só por razóns

de censura política aparece encuberto. Tal vez sexa así, aínda que o importante hoxe é que a inconcreción temporal e espacial da obra evitou o envellecemento temático.

Pero fagamos unha análise máis demorada:

Dous son os conflictos centrais nela: un conflito colectivo que abarca a tódolos exiliados da Banda Esquerda de Galandia e o conflito persoal que se dá na protagonista feminina.

No primeiro están mergullados os tres tipos de personaxes que aparecen na obra: os inconformistas (representados por Kurr, Marcos e o rapaz), os resignados (o vello Marj e Malen) e os colaboracionistas (o coronel Estífen Berg). Tal vez no número dos integrantes dos tres grupos exista xa un simbolismo (consciente ou inconsciente) que nos remite á sociedade galega dos anos 64 na que evidentemente empezaban a apuntarse ó carro do cambio e da democracia moitos sectores desta sociedade.

A actuación dos tres grupos xira ó redor do único personaxe feminino da obra: Malen. En efecto hai dous extremos que se moven e actúan tendo a este personaxe como referencia. Por un lado o coronel Estífen Berg, o marido colaboracionista que perdeu os seus ideais e leva unha actuación de entreguismo total ás forzas da represión. Este personaxe, de estrutura inicialmente lineal, adquire complicación no seu contacto con Malen. A través do diálogo dos dous personaxes Malen vai conseguindo humanizar a Berg:

— "O que nós necesitamos agora é atura-la disciplina como fai falta. E libre de complicacións sentimentais" — di o



M. Rios Panisse

|   |   |  |
|---|---|--|
| <p>coronel case ó comenzo do diálogo coa súa muller (p.25) (1).</p> <p>Pero este personaxe, frío e insensible ante os distintos argumentos (de amor paternal, de amistade e de amor á patria) que, ante el, desenrola Malen, baixa momentaneamente a garda e angúriase pola posible perda do amor da súa muller:</p> <p><i>Estífen</i></p> <p>"Deus, qué nos pasa.</p> <p><i>A esforzarse a falar con serenidade</i></p> <p>Resulta fácil ferirte. E eu non che faría dano por ningún gran tesouro.</p> <p><i>A atariñar</i></p> <p>Abondo teño con saber que ti, a miña Malen, está a perdérseme, que hai algo en ti que non recollo. Malen, ven, falemos docemente.</p> <p><i>Mandatario</i></p> <p>Xúrame que me queres.</p> <p><i>Malen</i></p> <p><i>Sen pestanexar</i></p> <p>Pides igual que se fose eu un soldado. Ningunha vez podes deixar de selo.</p> <p><i>Esmaiolada</i></p> <p>Adiquei seis anos ó amor. Agora xa non podo reconstruirme. Estífen</p> <p><i>Xa sen ira</i></p> <p>Cando penso na túa voz, a máis sumisa das músicas... ¿É que non rematarei de dicir que teño necesidade de ti? ...Non sei de palabras nin teño moito bico, pero necesítote</p> <p><i>Unha pausa</i></p> <p>¿Non dis nada?" (p. 40)</p> <p>¿E este o frío e razonador personaxe que viramos nas páxinas anteriores?</p> <p>O outro extremo dramático, oposto a estífen Berg e que tamén actúa en función do personaxe feminino, é Kurr</p> | <p>Lois. Kurr ten a profesión oposta a Estífen, se este é soldado o outro é poeta. A existencia dun simbolismo tamén é evidente neste aspecto. Pero ademais Kurr ten un papel oposto ó de Estífen. Non é el o que debe ser cambiado, modificado, convencido, senón que debe te-lo papel de convencedor, de tentador de Malen. Por iso recorre ó despréstixio do marido ("¿A que atribúes o feito de que ningún exiliado galandés faga migas con Estífen, mellor dito, nin tan sequera algo de trato?... Agora son sabedor de que vai dirixir outra redada. Ven de vello. Endexamais xugou limpo. Endexamais se presenta abertamente". p.50), á lembranza da infancia ("Eras unha rapaza ínxel, de olhos atónitos. Había en ti un andar decidido, sinceiro; non obstante era para mim o teu paso, un pequeno paso sempre, dóce, explorador, que non querería apegarse ó chan. Esbaraba sempre a túa fita pendurada no cabelo... Seda... "Malen de Escó, a fita vénlera, vénlera".... De remate, eu arrincóbaa... Malen de Escó siempre interesada polas cousas , amables..." p. 54), ó seu amor ("¿E indiferente escoitar que sigo namorado de ti, que eu te necesito?" p. 58). Pero ningún destes argumentos parece convencer a Malen que só cede coa esperanza do futuro en Galandia.</p> <p>Entremedias destes dous extremos está o terceiro home da obra que xira tamén ó redor de Malen. Trátase do vello Marj, pai do coronel Estífen Berg. Este personaxe ten un doble papel. Por un lado apóiese en Malen ante a deshumanización e o desarraigado co pasado do seu fillo ("Ti, ah, si, éra-lo meu fillo, o Estífen. A cuestión está aí: Eras.</p> <p><i>A berros</i></p> | <p>¿Onde vai Estífen Berg, nacido galandés, criado galandés no Leste das Landas?... Descubro en ti partes incurables. Déixame que cho diga: a xuventude comenza a abandonarte". p. 42). E ante ese abandono filial o vello Marj só ten a esperanza de que a súa nora o conduza algún día a Galandia ("Máis alá da fiesta hai unha luz. Debe existir unha luz. Teño que vela. Sinto sobor de mim esta araxiña, e a noite. Tanto tempo non podo tela apagada tanto tempo. Lévame, Malen. Ti es xove e podes". p. 43).</p> <p>O segundo papel do vello Marj desenróllase como importante incidencia no conflicto persoal da protagonista e polo tanto sinalarémolo na análise deste segundo aspecto da obra.</p> <p>Pero antes de entrar nela quixera facer un pequeno inciso para rebatilo enfoque que, sobre este conflicto colectivo que aparece na obra, fixo D. Ricardo Carballo Calero nun dos poucos estudos críticos publicados sobre este libro(2).</p> <p>Asegura D. Ricardo que no conflicto da obra non hai motivacións sociais ou políticas, nin sequera encubertas: "Trátase de se a Terra chama ós seus fillos con forza irresistible ou incondicionada ou non é así (...), os personaxes (...) son atraídos pola saudade da patria, non por móviles doutrinais nin deberes cívicos" (p. 142). Neste xuício penso que hai un enfoque falso derivado dunha lectura superficial da obra. D. Ricardo, que moiadas veces demostrou unha fina sensibilidade literaria, trabúcouse, ó meu entender, na comprensión desta peza. Os personaxes da obra non queren volver a Galandia só para mata-la súa saudade (motivación, por outra parte, tan válida</p> |
|---|---|--|

|  |   |   |
|--|---|---|
| <p>e real como calquera outra). Moitos tal vez volvan para intentar mellora-la súa situación de vida: "Moitos galandeses no exilio non saben se xantarán mañá" (p. 33) — dí Estífen botando en cara a Malen o seu descontento, tendo en conta a situación excepcional dela dentro do grupo. E máis adiante: "Algúns crédesvo-las xentes más prisioneiras do mundo" (p. 37). Outros destes exiliados volven para implantar os seus ideais ou axudar á recuperación da súa patria. Porque, se non ¿como se entenderían estas palabras que Estífen e Kurr dirixen, respectivamente, a Malen:</p> <p>"Malén:</p> <p>— Hai un recanto do mundo que é meu. Quero o meu anaco. Quero volver a el.</p> <p>Estífen (<i>la desexar ferila</i>):</p> <p>— Vaia, non supoña que tiña unha heroína legoeira na casa. ¿E como pensas alcumarte? ¿Cloelia? Si, necesitaremos un nome de loita". (p. 37).</p> <p>"Kurr:</p> <p>— Chega a hora que presentan os deuses. Ese día rematará todo. Nin un día xa máis. <i>Ná nosa Banda necesitan de nós!</i> (3). Hai que vivir en Galicia e por primera vez" (p. 57).</p> <p>E, se verdadeiramente non existise más ca unha motivación sentimental para o retorno dos galandeses ¿por que impedirlle la saída da Banda Dereita, na que parece que forman grupos de exiliados pobres e problemáticos? Descoñeo a intención real de Xohana Torres pero, é evidente que sobre unha lectura cuidada do texto, é más pausible a existencia de razóns sociais e políticas neste retorno ca das meramente afectivas.</p> | <p>Dá tamén a entender D. Ricardo que calquera identificación de Galandia con Galicia é mera fantasia. Evidentemente o simbolismo non está dado con claridade, o espectador ten liberdade de interpretación como xa dixemos, liberdade que enriquece mesmo, ó meu entender, os valores literarios da obra, pero, o que tamén é verdade, é que non se pode descartar totalmente ese simbolismo. Os seus defensores atoparían argumentos dabondo para demostrarlo. Por exemplo (e sen querernos meter en demasiadas profundidades) algúns dos nomes suxestivamente introducidos na obra, como é o caso de Rande (p. 51) ou Engrova (p. 52), por non cita-lo parecido Galandia-Galicia e Iberr-Iberia, tentador ata para un espectador pouco suspicaz.</p> <p>E, logo deste inciso, pasemos a analisa-lo outro conflicto central da obra: o persoal de Malen. Este personaxe atópase coa súa confusión interior. ¿Que escoller?, ¿o pasado identificado coa Banda Esquerda e que representa a infancia, a felicidade, a beleza, a amistade e o amor maternal e sexual? ou ¿o presente, a Banda Dereita, que é a monotonía, a fealdade, a anguria? O dilema agudizase cando, coa posibilidade de fuxir a Galandia entran en xogo outras coordenadas. En primeiro lugar a preocupación de se o futuro na Banda Esquerda será igual ó idealizado pasado e, en segundo lugar, as obrigas morais de Malen na Banda Dereita: os seus deberes de esposa e o cariño que sente polo seu sogro. A solución que escolle Xohana Torres para estes conflictos é a esperada nun contexto tradicional. Malen sacrificase polo marido (influída pola opinión do vello Marj que ten nesta decisión un</p> | <p>papel importante, como xa anunciabamos más arriba) e permanece na Banda Dereita. Tamén se sacrifica polo sogro, facilitándolle a posibilidade de fuxir no seu lugar e poder así morrer na Terra Prometida. Como resultado destes sacrificios recibe o seu premio: a escuridade que embargaba a súa existencia (p. 41) é substituída pola claridade final:</p> <p>Malen</p> <p>(...)</p> <p>Avantou o abrente. A luz, qué fermosa.... Voces dentro... Voces fóra... Clarea, e as xentes deben andar a espertarse" (p. 96).</p> <p>A outra obra teatral de Xohana Torres, "Un hotel de primeira sobre o río", foi publicada en 1968, nun momento en que o desenrollo económico franquista estaba no seu cumo. Este desenrollo económico permitiu a mellora social de moitos sectores da poboación e consecuentemente a masificación universitaria, factores que determinaron a súa vez, unha maior concienciación política e como resultado unha inevitable apertura da opresión dictatorial do réxime franquista. Pero este desenrollo económico tamén permitiu un indiscriminado avance industrial do que Galicia lembra principalmente as ilóxicas expropiacións dos embalses e a nefasta colocación de certas industrias contaminantes. Tamén foi esta a época dos paradores de turismo.</p> <p>Ben, pois Xohana Torres aproveitará eses temas de actualidade naquel momento para crea-los conflictos dramáticos que aparecen en "Un hotel de primera sobre o río", esta vez claramente, sen inconcrecions nin</p> |
|--|---|---|

simbolismos e empregando tamén unha muller, Ruth, como personaxe-eixe da obra.

Se tivese que emitir un xuicio comparativo entre ámbalas obras de teatro aquí analisadas, diría que a segunda é moi inferior, no meu entender, á primeira. A claridade temática que a coloca nun momento, nun lugar e nun conflicto determinado fai que perdease actualidade. Falta ademais a gracia da posible interpretación do espectador e, esta ausencia de cabos soltos que permitía a imaxinación do lector ou espectador en "A outra banda do Iberr", é un elemento máis que incrementa o desfase da obra. Por outro lado a linguaxe poética de certos personaxes da primeira obra teatral (en particular de Malen e Kurr) que parecía disgustar a D. Ricardo Carballo Calero (4) era, para mi, outro elemento atractivo e de modernidade do que prescinde nesta ocasión case por completo Xohana Torres. As inflexións dos personaxes da súa primeira obra, así como os cruces de conflictos persoais e colectivos, daban a "A outra Banda do Iberr" unha riqueza dramática (tal vez ainda pouco traballada e, polo tanto, cunhas posibilidades más amplas cás que lle deu a autora) da que creo carece "Un hotel de primeira sobre o río". Ata aquel peculiar exotismo braispintiano dos nomes é sustituído nesta obra por unha mistura hebreo-galego-nórdica que perdeu a gracia do invento sonoro anterior.

Ruth, o personaxe central feminino leva o total protagonismo, enfrentada a uns esvaídos oponentes sen nome: O Alcalde, o Comisionado Municipal, Extranxeiro I e Extranxeiro II. Como comparsa de Ruth e para axudar ó

desenrollo temático a través do diálogo, o incondicional e tamén "descafeinado" David. Por último e como unha especie de antihéroe, tamén feminino, traído moi ó final e polos pelos, a sobriña Inge.

Ademais, os conflictos presentados en Ruth, froito non de loitas internas senón de situacións externas (a compra da casa, a morte do sobriño), e cara os que a única actitude posible para Ruth é a resignación, buscan saída tamén en forma tradicional: Ruth non decide vende-la súa terra por unha chea de millóns e partir para o Caribe con David (bu tal vez con outro home máis atractivo) a malgastalos, que sería a solución inesperada senón que as inútiles loitas co grupo interesado na compra e a morte do sobriño acaban volvéndo-a tola. A solución, que en "A outra banda do Iberr", a pesar de ser tamén tradicional, mantíña a tensión ata o momento final (pois o espectador descoñecía con seguridade cal sería a decisión de Malen), perde interés en "Un hotel de primeira sobre o río" xa que durante todo o acto III vémo-la loucura sen solución de Ruth.

A obra teatral de Xohana Torres redúcese a estas dúas pezas de teatro, escritas con só catro anos de separación e que teñen en común o seu protagonismo feminino. Sen dúbida das dúas a mellor é a primeira. "A outra banda do Iberr" é unha obra teatral dunha autora sen experiencia no xénero e, polo tanto con certos defectos dramáticos (principalmente estructurais) pero que parecía augurar unha posible produción teatral de importancia. Tal vez movida por algunhas opinións críticas, ou polo seu propio sentir, Xohana Torres variou o camiño na súa segunda obra teatral,

errando esta vez, ó meu entender. A autora entón, penso, deixou o teatro para probar o cultivo dun novo xénero: a narrativa. Quebrábase así, de novo, o inicio dun camiño teatral esperanzador, tan necesario para a nosa literatura. ▲

(1) Xohana Torres. *A outra banda do Iberr*. Ed. Galaxia. Vigo, 1965. As páxinas indicadas remiten a esta edición.

(2) Ricardo Carballo Calero. *Sobre Lingua e Literatura Galegas*: "A outra banda do Iberr". pág. 138 e ss.

(3) O subliniado é meu.

(4) D. Ricardo Carballo Calero, o. cit. pág.

## A VERDADE DA GALICIA EN XOHANA TORRES

|   |   |  |
|---|---|--|
| <p>A arte está relacionada en último termo co descubrimento da verdade, e nese sentido é moi semellante á ciencia; pero, como a ciencia, pódese corromper e rematar no "científismo", nun xogo que fai da técnica un dogma. Arte e ciencia poden caír na trivialidade de reducir os principios, científicos ou artísticos, a trebellois e trastes que non sirven máis que para estorbar ou para que algúns presuman de modernos.</p> <p>O uso do monólogo interior como técnica de relato prestouse a que moitos que non teñen nada que relatar más que as vulgaridades que se lles ocorren, viran nel un caixón de xastre no que cabía todo, causando no leitor o mesmo noxo que o monologador proisma da vida real causa nos que non teñen mais remedio que escoitalo, ou para que outros o confundiran có diván da consulta psicanalítica e, en vez de pagar para que os atenderan, pretenderan que pagara o coitado do leitor. Pero o monólogo interior ben usado deixa ás veces máis liberdade de movemento que a estructura da novela tradicional. No caso de "Adiós, María" é un instrumento perfecto para penetrar, certero e preciso, nunhas realidades que, aínda que imaxinadas, son verdade.</p> <p>A novela e o cine son quizais as duas formas artísticas con máis potencial pedagóxico, porque axudan a formar e educar o sentimento intelixente e a visión comprensiva da realidade. Ámbolos dous, cine e novela, teñen un poder de captación da imaxinación que fai que as vivencias que presentan se nos metan dentro, coma quen di, ou nos leven fóra de nós, a viver intensamente outras vidas e experiencias que non son as nosas.</p> | <p>"Amar ao próximo como a ún mesmo" debe querer dicer iso, máis ou menos. Indubidabelmente, o artista será tanto máis grande canta máis capacidade teña de ver e captar aquelo que quer transmitir, e canto máis limpo teña o "filtro" mental para seleccionar ben, de tal modo que poda conseguir esa fusión do público co que lle vai presentar. O novelista ideal precisará unha mente aguda, un sentir profundo e un talento grande para saber peneirar as complexidades da experiencia. A novela é unha arte de máxia, capaz de criar realidade, sempre que non se faga dela un xogo retórico, un trebello inútil ou unha receita de cociña.</p> <p>"Adiós, María" é unha novela "seca", con luz e sen néboa, sen orballo, sen retórica interna ou externa. A protagonista, Maxa, unha rapariga adolescente, fala para si, escrebe cartas que non manda, pensa, cavila, ve o que está a pasar e cóntao. E o que conta, ve e sinte é tan interesante e tan "de verdade" que poderíamos seguir a escoitala toda a vida sen cansarnos.</p> <p>Maxa é unha vítima das circunstancias; o pai queda sen traballo, non atopa nada na Galiza e vaise para a Franza. A nai marcha con el. Dous figuras que non chegan a ser tráxicas porque son, como cuase todo na nosa terra, demasiado pasivas, vulgares e faltas de sustancia para acadar grandeza. Son... follas que leva o vento. Na Franza teñen un conocido, por iso van para aló. Chamar emigración a iso que fan os galegos na Europa é moito chamar. O pai está claro por que marcha. A nai, xa non tanto ("algún chamouille a eso a forza do amor", comenta Maxa con ironía). A verdade é que escoite ir ao rabo do home ("nunca irás soio, ¿ois ben o que</p> |  |
|---|---|--|

Teresa Barro

|   |  |  |
|---|--|--|
| <p>che digo? a cantidá de xente de toda índole que anda solta e si te víñ non me acuerdo, que nos xogamos moito, Román, e a muller, xa se sabe, siempre onde o seu home, para qué me casei se non..."), antes que quedar na casa atendendo aos fillos. E, naturalmente, como os fillos os da Deus, e El non vai vir cuidalos, o que non fai a nai terá que facelo a filla. A vida de Maxa convírtese de súpeto nunha traxédia; a cativa atópase esmagada, atrapada, e seguramente para sempre. Xa pode dicer adiós á vida, porque nesta non suceden esos milagres que lles pasan ás mulleres nas "soap operas", como lles chaman os ingleses aos serials, e non vai vir redimila un príncipe maravilloso ou un magnate do petróleo de Dallas ou Chicago. Maxa xa non vai estudar, áinda que vale para os estudos ("Nena díxome o vello con certa cuquería, aprovéitate ben mentras lle dure a forza esa do ensino gratis"), porque terá que termar da avoa, mestra na arte de descansarse en otros, do avó, profeta pesimista, deses que as ven vir todas e non pescan unha, do irmán más vello, có que a avoa flirtea, e do irmaciño pequeno. Un destino feminino do más vulgar e corrente. Maxa é intelixente, cabal, ve con claridade o que está a pasar, rebélase interiormente, non é masoquista, non quer sofrer nin ser a vítima de ninguén, quer ser libre, viver a vida que lle debía tocar aos quince anos, esa vida que, según os larpeiros e túzaro que a rodean, é sempre maravillosa a esa idade, áinda que Ila convirtan nun inferno. "Mamai, atende, dende que largáchedes esto falla, andamos todos coma traicioados", berra Maxa desde unha carta que non bota ao correio.</p> <p>A novela pinta unha das traxedias</p> | <p>máis comúns da nosa terra, a traxedia dos que quedan... pero pinta tamén outras moitas que se deben máis que nada ao carácter "descansado" das xentes da Galiza. Os habitantes da nosa terra escápanlle ao traballo e a todo o que seña tomarse molestias. Que traballen os burros, pensan, e parécelles unha actitude intelixentísima. Maxa é unha fror delicada nacida entre os pinchos e as silveiras. Non podrá viver a sua vida, senón a que lle botaron enriba; terá que rendirse, aprender a non sentir, poñer o impermeábel interior, botar coiro ben duro e, sobre todo, dominar a arte do laio ben laiado e da doenxa ben explotada e buscar un pandote no que descansarse. Se non, o pandote seguirá sendo ela, consciente, por riba, de que a tristeza e soedade que a van invadindo fanna presa axeitada dos cucos que queiran aproveitarse:</p> <p>"... que todos somos febles<br/>témeramente febles un océano de temblequeo sobor de nós cando levamos moito tempo soias e cando estamos moito tempo tristes.</p> <p>E se un cuco chega e se aproveita da febleza e fai mención dessa parte agradable da vida que todos temos o dereito de probar.</p> <p>E se un cuco chega docemente e dí que axudará con ímpetu a conseguir un tocadisco para elevar a vida soedosa, velahí que cañches na gaiola e serán un pandeiro onde tocan todos os cucos que andan libres polo mundo adiante.</p> <p>Olló, e a esculcar. Xa vedes cómo se chega fácilmente a esto e non digades nunca Desta auga non beberéi..."</p> <p>Nun país de escritores con talento pero apenas sen alento, tan fríos, tan</p> | <p>impermeabilizados, coa coraza tan ben posta que nada lles pasa, nen pra dentro nin pra fóra, Xohana Torres é unha das poucas excepcións que ve, atende e entende. Igual fai coa lingua, escocitada e entendida con sensibilidade perfecta e froito evidente de se ter tomado eses traballos e molestias que na nosa terra cuase ningún parece disposto a tomarse, seguramente por crer náquelo da ciencia infusa. O galego de Xohana Torres é sempre galego, áinda que meta ás veces palabras castelanas. A construción, a sintaxe, a música, son galegas. A autora tomouse o traballo, por exemplo, de buscar exclamacións, onomatopeias e frases proprias da lingua, en vez de pensar que todo o que sone basto, ordinario e groseiro é galego popular, áinda que seña madrileño castizo.</p> <p>Eu pediría a esta escritora pouco común que sabe ver, sentir, entender e escocitar que, dende a sua fortaleza interior, non deixe de seguir apontando ben có radar da sua mente privilexiada e que nos conte máis da Galiza de verdade, ou da verdade da Galiza, a ver se así empezamos a entender algo do que pasa na nosa terra.</p> |
|---|--|--|

# A PATRIA DE XOHANA TORRES


Xa que logo, falar da patria na obra en verso de Xohana Torres é falar de Galiza. A primeira ollada, os poemas de *Estacións ao mar* (Galaxia, 1980) amosan unha actitude agarimosa, contemplativa, cecás tranquila. Nembargantes, ao proseguirmos a leitura, síntese cómo a voz poética vai revelando unha orientación desconsoladora que se establece a xeito de contrapunto con outros motivos predilectos da autora. Iste outros motivos son, sobre todo, a familia e as lembranzas da mocedade. Dista contrapuntística ou xogo de forzas se falará máis adiante.

No primeiro termo, Torres colócase diante dun concepto de "Patria" e no poema-pórtico de "O tempo e a terra" (*Estacións ao mar*) define o que lle significa:

*Patria, xeito de vóo que conmove ao /home.  
Sono incurable que tropeza na lúa.*

Os dous versos reproducidos están sós na páxina inicial, e circundados polo espacio en branco, permiten percever cómo a visión da poeta está concentrada naquel vóo detido na lonxanía. Desde este estado de quedanza, Torres segue a debullar, a reforzar o que chega a ser o símbolo dunha frustración. Por unha banda, ela quere salientar todo o que abrange o concepto de patria, no emprego de verbas como *vóo, conmove, soño, lúa*, e nise senso a idea de base é enaltecida, seica suxire orgullo e esperanza. Pero ao mesmo tempo a referencia se fai a unha entidade na distancia, a un ancelo que non consegue ir máis aló da lúa, que emboleca nela. Ou sexa que, hai forza e hai comezo, mais non está

comprobado o seu triunfo. Tamén dito símbolo da lúa é polisémico: por unha beira, pode representar un obstáculo, visto á luz da súa función de rematar con os soños voadores dos seres humáns ao interrumpilos ou detelos. E por outra, a lúa pode estar a axir como soarego atraveso do cal só se atopa o eido do luático, é dicir, a loucura, que é precisamente a situación máis frecuente cando hai unha prolongación excesiva do soño, con a perda do contacto cunha realidade obxectiva. Poia mesma razón, havería que dicer que o adjetivo "incurable" é tamén ambíguo, porque ou ben se refire á condición dun proceso non esgotado, permanente e aberto, ou ben atinge á unha condición que non se pode remediar. Diso se tira a suxerencia dunha doencia fatal, do soño idealizador como perigoso para a saúde. Ambalasdúas situacións poderán representarse no esquema:



A partires distes dous versos, daí en adiante a liña poética de Xohana Torres vai-se abrindo en sulcos cada vez más definidos

embora sempre cinguidos ao mesmo eido galego. Por unha banda, a procura da patria é continua, é un desexo fondo e tamén é o pracer que se manifesta na proximidade á natureza, cuxos representantes más frecuentes inclúen o sol, o ceo, os boscos e o mar, horizontes amplos e vigorosos para a voz lírica que os evoca. Como representantes dunha relación e non tanto como imaxes evocadas polo valor de seu, istes elementos naturais levan un mínimo de adjективación. Non é que estexan ausentes palabras modificadas, porque atopamos "benigno sol" ou "páxaros vivaces" xunto con outras más negativas. Deixemos craro que a negatividade non é pola banda da autora senón que é polo carácter dunha realidade que élle imposta desde fora, que non é a que ela deseja. Portanto, o mar galego é para Torres, "ise mar compartido/onde nos afogamos" e Galiza ten "queimados bosques", "lanchas podres" ou un "Verdor Terrible". Son todas elas cousas que deberían ser boas — o mar, as árbores, a fertilidade da terra galega — pero hai forzas que se contraponen a esa riqueza natural. Ao sinalar os defectos da súa patria, o tono raia, ás veces, nun existentialismo sen acougo, faltó de esperanza e sen plan para o porvir.



Kathleen N. March. (Universidade Maine, EE.UU.)



Nembargantes, non se devería reducir a poesía de Xohana Torres ao desespero persoal: após dos "rostos mortísimos" o a "can morto de fame"

agáchanse unhas dificultades reais, as histórico-sociáis, que proveñen do abandono da patria galega polo Estado Español.

Resultando: unha Galiza valeira, silandeira, escoada. A ollada da poeta percebe ista condición con o seu carácter de perda ainda en proceso, como unha vida a piques de esvaerse, mais con forza para tornar repetidas veces das recaídas. Ou sexa que, se a ideia da patria será un soño incurable, pero a doencia non pode tampouco acabar con ela definitivamente, polo que Torres pode dicer:

*Eu lémbrome de Ti  
sempre que poido.  
Para chamar derrota  
a días más escuros  
afastados de eiqui,  
sen pan nin cinza.*

*Na terra onde é inútil  
que nos vivan os pasos pola tarde  
á percusa de franzas  
por pendurar o corazón  
máis alto. (p. 21).*

Pero, devido á súa historia de frustración, a Galiza de "O tempo e a terra" (primeira parte de *Estacións ao mar*) trócase a modiño en cárcere ou címiterio conceptual cando a poeta tenta abeirarse. É unha patria que lle plantexa teimadamente a cuestión da súa identidade, e diante da persoa que a

procura, érguelle un valado ou mesmo se eslúi. O que fica é a verba, que é o salvamento.

Precisamente dende ese valado é que torna a partir a poesía de *Estacións ao mar*, sobor de todo nas seccións seguintes. Dende a nostalxia que combate ao esquecemento, nostalxia á que Torres non se resigna, abrolla unha nova fertilidade que quere contrapoñerse á "dura maxestade do silencio" (páxs. 15-17). No poema "Galicia" o papel do potencial, o importante potencial, queda moi ben establecido:

*Como resposta  
a tanto mar de dudas,  
(hai que decilo todo)  
pasei a vida enteira camiñando  
ao longo dos teus muros:  
Eres como unha porta, Patria miña,  
e sigues agardando. (p. 18).*

Tanto duvidar e matinar encol da patria ten, sí, a súa interpretación textual ou literaria, mais tamén é certo que hai unha base política: Galiza ainda non posui un status de verdadeira nación. Ten unha lingua de seu sen normalizar, non está superado o illamento xeográfico nem a emigración, e agora a reconversión económica é unha nova ameaza á ideia dunha patria galega.

Podemos comparar a opresión da patria con a condición femenina, porque tamén a muller ten loitado sempre contra o silencio que lle imponen as estruturas oficiais. Aínda que se lle comeza a 'permitir' maiores dereitos, istos fican a miúdo en arelanzas. Ascomás, podemos sinalar situacións semellantes: é aceptábel ser 'liberada' sempre que non sexa en perxulio do 'femenino' (cfr. a ser gallego ou galega se non se disminui o aspecto español); ou escrever calquera cousa que non contradice ao canon literario masculino

(cfr. expresarse en galego se o momento e máis o lugar son axeitados). Basten as dúas comparanzas para amosaros os conflitos entre os que pertencen á estrutura establecida e os/as que están fora dela (1).

Coidamos que hai indicios dunha perspectiva femenina reivindicada nas seccións de *Estacións ao mar* "O tempo e a memoria" e a que leva o mesmo título do libro. Se lembramos que o poder político é tradicionalmente o eido masculino, á muller haverá que lle asignar o do privado — o fogar, a vida sentimental e diaria. É un terreo aparentemente limitado, mais a deconstrucción dos feitos literarios (e reais) fornece unha perspectiva liberadora, porque asegura que nas raíxenes familiares atopan as mulleres as orixes pre-edípicas, que son o seu centro orientador e dador do porvir (2). Talmente pasa con Xohana Torres, que amosa maior vigor e seguridade en si mesma cando enceta a falar da súa avoa Lola ou das experiencias infantís no seu Ferrol/Lorref natal. Ista forza do familiar se pode ver en versos como

*Porque non hai morada más amarga  
que aquela que non garda un alento  
familiar e doméstico, capaz de facer  
florecer no aleiro unha mapoula. (p. 66).*

Cando rematan istas relacións, cando son cortadas pola lonxanía ou pola morte, a poeta volta á indefinición e á necesidade de procurar unha linguaxe de seu. A súa ollada diríxese de novo cara ao mundo de fora e, dende as terras ancestrais do Avia, Torres parte para o mar da Galiza. Xunto ao mar, símbolo clásico do inconsciente (3), ela vai albiscar a meta do seu debezo: a renovación das orixes, o rexurdimento vital:

*Memoria,  
emisaria do mar,  
que nos mantén un cheiro de recordo:  
Algo de nós,  
pureza de altos días  
mentres camiño pola vasta area  
e penso no amor  
que sempre se comenza nunha praia.* (p. 76).

E ainda más claramente:  
*Volvo contigo á miña orixe,  
mare meu, que intactas me devolves  
as cousas que esquecimos das primeiras  
(estancias.* (p. 82)

Xunto ao mar, con a axuda da noite e máis do ambiente silandeiro, cheo de sentimientos comunitarios que falan e fan falar moi quedo, e que son testemuñas dos máis lixeiros movementos das persoas, Xohana Torres atopa o terreo preciso para a creación poética:

*As altas horas  
hai un coro puntual de voces,  
(remusmuses,  
confusión, ideal para os poemas;  
formas, escadas, signos, residencias  
ás que transbordaremos sen remedio.* (p. 78).

Diste xeito a soildade, anteriormente entrelollo da expresión e causante dunha voz frustrada, é trocada en compañaíra de aprendizaxe. Mergullada no silencio povoado e fértil, a poeta observa, adequire naturidáde, comeza a definir o seu derredor. O mesmo proceso leva á comunicación, que vai emparellada con o rescate da memoria.

En *Estacións ao mar*, o mundo poético de Xohana Torres é, porén, unha loita constante por fixar os elementos da realidade no seu sitio. No remate os achadegos de cousas pequenas, concretas, representan o pulo obrigado para que a poeta poida

continuar adiante nun mundo escorregadizo:

*Na seguinte estación  
cando aparez o  
vento e o  
barre todo,  
¡qué válido  
sinal  
ise instante tan só  
cando tú e más eu  
atopamos os pasos!* (p. 89).

Tamén a arela de ter unha linguaaxe axeitada, meio de expresión histórica e persoal, continúa até o peche do libro, que remata de maneira aberta a pesares de acocharse áinda unha reprimida frustración. Di Torres:

*As palabras perdéronse no vento.  
Estamos rodeados de mármore en anacos  
e da memoria á cinza, únicamente un  
(paso.  
Xa non se pode repetir a historia  
porque eu mire un roncel  
e penso no amor que rematou un día.* (p. 91).

A lección é recolleita: a poeta sabe que é importante sostener a capacidade de expresión, de movemento cara ao exterior, con os demás. É preciso falar – e axir – non só contemplar, para termos historia. Neste senso Xohana Torres amosa a súa conciencia do peso que exerce o silencio, e que ten de combatilo. É o silencio que forá a herdanxa das mulleres ao longo dos séculos e é o que tamén se lle impuxera aos galegos. Por iso a patria dela non pode ser mitificada nem idealizada: chama á loita, á loita dupla. O poemario *Estacións ao mar* pecha cunha promesa de seguir a perguntar, a crebar e cridar o silencio. Para facelo, tornou e tornará ás orixes, escoitará á



súa mensaxe, e sen se render, tentará o replantexamento total da realidade dende o acougo combativo do seu familiar. E, así, Xohana Torres non cesa na procura dunha identidade de seu nacional e femenina. Dende o máis íntimo será posível acadala, proseguir nun 'xeito de vóo' que verdadeiramente conmove:

*...Alterados as tapias e os anelos  
entrar de novo á casa, achegarse ao  
faiado.  
Posta de bruzos, erguer a vista ao ceo,  
contemplar os foguetes da verbena más  
(próxima  
e os cometas que cruzan polos ceos de  
agosto...* (p. 96).



(1) Encol do tema da inclusión/exclusión, atopamos interesante o estudo de Elizabeth A. Meese, *Crossing the Double-Cross: The Practice of Feminist Criticism*. Chapel Hill e London: University of North Carolina Press, 1986. Especialmente o capítulo 1, "Sexual Politics an Critical Judgement".

(2) Un dos volumes fundamentais para o estudo da volta ás orixes da muller e o seu valor non-fálico senón anterior a esa xeira do desenvolvemento psico-sexual é *The Voyage In: Fictions of Female Development*, eds. E. Abel, M. Hirsch e E. Langland. Hanover e London: University Press of New England, 1983.

(3) Na crítica deconstrutiva feminista tamén o mar é sitio onde adoitá ter lugar a liberación do "femenino".

## INÉDITOS

A M.º Xosé Queizán

XOHA

### PENÉLOPE

Declara o oráculo:

"QUE á banda do solpor é mar de mortos,  
incerta última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.  
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.  
QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.  
QUE un sumario de xerfa polos cons".

Así falou Penélope:

"Existe a maxia e pode ser de todos.

¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR".

Vila, crepúsculo polas últimas pontes,  
mar do final e derradeira hora.

Eiquí o bris e un tremor pola rosa..

Hai signos na corrente que o devolven todo  
cando o ceo é de púrpura polo Cabo de Home.

Mar de cousas que nos pertencen.

Acudo á luz efímera, ao límite da noite  
mentres soan os heraldos do outono.

¿Onde te escondes, longa paz de outubre,  
de que mal me liberas?...

Vivir é só alzarse á dureza da hora  
dende o recanto escuro dalgún patio.

# N A

## AS COUSAS QUE NON SON E QUE PARECEN

Está a noite arrimada aos peiraos,  
pálidas casas, un amado rosto.  
Enganosas as formas sucesivas  
que semellan escurrir na néboa.

As illas como naves van zarpas...

Reconocer tan só ruido das motoras  
e a cadea dun barco no norai.

Có tempo húmido iso tan de todos:  
que somos, que valemos. Unha tolemia  
devórano cando a vila se milla.

Oh, ti, Kavafis, recitable  
alá no Sul, mediterránea sirté,  
¿que pasou coa túa imaxe, amor,  
que non se ofrece?...

Sobre un mar que fulgura,  
que intre de repousó.



## ALAS E ONDAS RENDIDAS E NACENDO


Sol maior,  
as illas frente a frente.  
Sobreviven conformes  
ao asalto do océano  
e un gran bosque de pinos.

¿Cal é sentido  
de iste pulo perpetuo  
que a onda nos transmite?

Estar en desbandada,  
primitiva conducta  
de alguén que queda ceibe.

Libertade e vóo  
son a mesma palabra.

Tempo da luz:  
Un recodo salvaxe,  
un grito,  
un navío.



## A CHUVIA

Chuvia. Chuvia. Pingas de son cambeante  
 sen medida de tempo nos tellados, nos vimbios, nas pedras.  
 Chuvia de atardecer ou meiodía. Úbere que un anxo  
 (vagamundo leva.

Ceos doces. Canzón. ¡Leite vital da Terra!

Denantes, miña aboa froescia  
 para argallar un conto de verdes rás de poza,  
 de diaños, nautas, ventos e de estrelas.  
 Tépeda voz de mundos en feitizo. (Eu apertaba o rostro contra  
 (o dengue  
 para pillar os cheiros de foilas baorentas).

Iba o bruar pequeno, queridiño,  
 de chuvias vagamundas pola gorxa labrega

Qué chuvia. Río humán. Voz canseira.  
 Cal eixos de carro.  
 Aboa. Corpo de agro. Alma en trovar sen trégola.

Voces. Voces. Escoitémolas todas;  
 tiña voces o chan coma rosarios vibrando na lareira.  
 Voces. O canto das meniñas era prego: "¡Que chova,  
 miña Virxe da Cova! ¡Que chóvaaa! ¡Baixa, arco da vella!"...

Chuvia. Con zocos pola lama dos carreiros.  
 Con pulos e berros das nenas.

Ceos doces. Canzón. Leite vital da Terra.

Xa veces. O leite vinculeiro de aboas e de netas.

## NAI

Tiña unha fita roxa no cabelo.  
 Lembro todalas froles dos meus vasos de nena.  
 Tiña bicos a tarde, qué tesouro,  
 e bullía en buratos pra dentro dos teus ollos.  
 A tarde tiña ás de paxaro, quentiño, quentiño;  
 as túas mans, riscadas do traballo  
 calaban moitas veces pra carexarme miúdo...  
 Eran dias sen medo ós corvos sobre a testa  
 porque tudo era estrela.  
 Logo, qué logo, houbo voar de follas, nomes, xentes.  
 Abrín portas, pecheinas; non se acouga con-tanta multitudine;  
 corrín a ser muller. E na tola carreira, perdín a fita roxa  
 que me chamaba nena. Debéu levala o vento  
 co froito dos anos, meus anos...

¿Pra qué terían ás de paxaro os dedos  
 que niñaban limpezas no cabelo?

Nai onte laveiche os ollos. E na palma mollada  
 repousaron aquelas tardes, a fita dunha vida millor.  
 Ollos da miña nai. Cobizos de lareira sempre ó fogó.  
 ¡Seica os ventos vos perden ou vos choran!...

Sen iles, miña historia non ten ollos.

# A N T O L O X I A

## O VRÁN

Madurecen pelicas de mazás.  
O terreo preñado deixa os fillos;  
Queda a entrana valeira; agarda novo ano  
pra facer novo agosto.

A ponla, axionillada, pide unha cunca fria;  
unha muller de vello pano á testa,  
vai orfa de sombras e farta de suor.  
Ten un perfil batido. Fenda murcha das horas  
baixo o raio solar.

Famento de xurradas, e pelexo dos campos.  
escomenza a sestear...

Non hai vran nista Terra  
sen un quente vieiro iñorado,  
isen un peito queimado de muller!

## A CATEDRAL

Dime que tés, ciencia da pedra.  
Dime que che botaron nas figuras.  
Estás muda. Aléntasme o traducir a fala,  
facultade romeira interminábel.  
Estás ríspida hastra o Ceo... i eslóbaste  
pra conceder áinda, a vocal dunha tenreza úneca.

Muller, ti és muller, catedral chea de seos desgastados,  
fada perdida cabo dun camiño.  
Non ten apertas faisas a túa forma, feita na verdade.

Ábreme o peito abondo, sen enruga:  
Quero soñar na escramazón tan várea;  
quero laiar contigo, pedra en pedra;  
de isa tomba calada,  
quero sentirme farta, farta, cando revolva os fondos.

Do sulco, 1957

# ANTOLOGIA

VELLO MARJ

*Con paternal reconvención*

Teño amado ós meus; teño amado a Galandia e traballéi nos campos dos maiores. Tamén nalgún festín recollín a miña parte. Agora asumo a vida con moito coidado. Deféndome.

*Con caído sorriso*

Son un vello, pero non un cocainas que aterece.

Seremos moitos acó e ficaremos para algo. Por outra parte, os fillos non poden nunca xantar enteiramente ós pais... En fin, non tiña ideia de que me xusgases en tan pouco.

*Afanado*

Boeno, agora polo menos dirás qué opinión levas dos Berg.

MALEN

*En desconcerto*

Eso non ven a conto. Ouh, non séi. Nunca tratéi de perguntemo.

VELLO MARJ

Pois é fácil. Sí, a túa opinión de Estífen, por exemplo.

*Con gravedade*

De tódolos xeitos, ben sabes cómo anda o panorama a esta Banda. O que escoitéi, obligame a poñer en bandexa algún recurso. Oué queres. Si non fixera así, penso que non xogaría limpo.

MALEN

Diantre teño outro Berg. Vostede pretende arbitrarnos.

VELLO MARJ

*Con censura garimosa*

Rilla dentro, ¿eh? Proba a desmentirme, anda. Eres a trégoa. Un inesgotábele freno para Estífen. O meu fillo quere. É o único que el quere.

MALEN

*Alterada*

Sí, e tamén queren os cás. Vostede é testemuña e poderá apreciar conmigo ese xogo de defensas inútiles. Ouvir. Calar. Ouvir, ouvir, e sobor de todo, o silencio. Falaría eu, i Estífen Berg, ás atalladas, con ausurdares arengas que nada importan. Calaría eu e aproveitaría en pé para axudar a traballar outras fosas. Non se pode manter unha muller na casa para que ela se bote a pensar caladíñamente namentras os días corren. Fixen todo o que puiden para manter esa mudez. *Con amarguexo*

¿I el?... o seu fillo a conxugar os egoísmos da cativa gloria.

*Con acento incontrolábele*

Toda proscrita, fondeada toda, e por gorgas que xa non pertenezcen!... ¡É hora de saír por onde irrumpen os novizos ronseles, un milleiro de veces mantidos en silencio! ¡Percorrer, na propicia ebriedade, un lugar do meu nome adicado á esperanza! Non acodiréi soia a enterros de amigos como o de Ekoar Lois!

*A apontarlle coa mao*

Soia. ¡Soia! ¿Sabe o tremendo que é estar soia? Non o que a xente dí: "Home deitáime soio" ou "Onte andiven de vagar soio". Eso non é nada da soiadá. Outra soiadá, a soiadá das voces e querer suscitarse, e por ben dentro, nos propicios lugares; con un gran feixe que rastrexamos, de amor, de ledicias, de doces canciós para meniños. Tan arrimada a ún esta soiadá que nada do mundo podería divisala. *-Con tola moca*

Cando eu penso que contaba con Estífen para recollerme mellor, danme ganas de rir horas e horas, de seguido...

*Perturbada*

Non séi para qué falo. Non séi.

VELLO MARJ

*Con homildade*

Un intre. Non te vais agora.

*Con moi/sima dozura*

Si non te conocera, diría que tratas de evitarme.

*Amorosamente*

Eres rebelde. Pequena, xa sabes, a tí é máis a mí, góstanos soñar. Por eso levámonos tan ben.

*Convencido*

¿E quén chega a soñar como é debido?... Os eisiliados galándeses somos un pobo dramático, apaixoados; xenerosos, e grandes; pero non remataremos un imperio.

*A tratala como unha nena*

Hala, quero verte serea. Pasarán os días que agardas. Xa pasaron outros ventos e turboadas e bágoas.

# ANTOLOXIA

MALEN

A dor, non. Ésa sí que non. Sobor de todo a dor que eu sinto.

VELLO MARJ

A dor. É verdade. O qué é verdade non está aberto nin éclaro. Vale más que dúas palabras.

*Serio*

¿Non te decatas, Malen?... Raíña de tí mesma sempre, a esbarar por unha sospeitosa servidume. Verála crecer arredor como crecen as sombras das arbres cando xa é dona a noite.

Logo será escuro e para sempre tamén.

*Sentencioso*

Hai que poñer bandeiras ó recordo. A vitoria máis cara é aquela que se abre con un pé no silencio. Roto o frente, hai que manter os cervos prisoeiros, todos cheios de gritos. Pénsoa, o tempo é eso, aire para baternos.

MALEN

Certamente, todo eso soa moi ben.

*Cansa*

Non percuro heroísmos senón as paces. Non pretendo outro mérito. Vou chea de discutir. Agora a úneca que decide son eu: Ganar un destino e polos propios puños, en contra de todo.

RUTH

Qué lles importa o val a éses, somente disfrutaban da casa polo vrao.

*Con ironía*

Non se lles daba o clima.

DANIEL

Os que mercaron son estraneiros, do gremio de Hostelería. Non reparan.

RUTH

*Amolada*

Boa conta lles ten. Qué sei eu qué de historias argallárian.

*Fala arrestora de frente*

A míñi, qué. O que queira vender, pois que venda.

DANIEL

Zeno non quería e xa tí viches.

RUTH

Qué remedio. Zeno ficaba co seu eido collido entre os valados de Amorós; si eles vendían, estaba sin saída. E venderon.

*Tristeira*

Onte camiñei ao empardecer á beira da casa... pechada... e as viñas arredor, deixadas a campo... todas cubertas de pó... Non sei cómo esplicalo, pero mesmo sentíase a morte.

Un hotel de primeira sobre o río, 1968.

# A N T O L O X I A

DANIEL

Aínda terías que ollalo todo á luz do día. É terrible. Anoxado  
Eso non lles asusta que sangue non bota.

RUTH

Sí, o sangue chega sempre ao remate. *Convencida*  
Señor, nin que non houbera ferrados e ferrados de fermosas  
paisaxes pais adiante para ter que vir pousar os ollos no noso  
val.

DANIEL

Tamén hai algúns... A min, os de Amorós, nunca me enga-  
ñaron.

RUTH

A pensar que o seu abó controlara outrora todas as veigas  
deica o maorádego de Viciñas...

DANIEL

Asunto dos netos: Foron á guerra, pasaron as montañas e  
aprenderon línguas novas, ése é o choio.

RUTH

Gran señor o seu abó, nada bandeiro nin dado ao palabreio;  
¿e tí acordas, Dan? Saudaba o vello con moita reverencia, a  
sobreirazos.

*Volven soar as detonacións.*

RUTH

*Con fastío*

¿Rematarán dunha vez?

DANIEL

Andan a carrexar cemento para unha autopista.

Veñen coa lei.

RUTH

¿Por qué a lei está sempre na boca dos fortes?...

DANIEL

Quen manda, manda.

RUTH

Poden e puxan. Primeiro, a espropiación do lameiro do fon-  
dal. Qué pagaron. O que lles deu a gana.

DANIEL

É certo. Terra tan necesaria...

RUTH

*A falar rexo*

¿E a ditosa estrada para os autobuses?... Aquel individuo  
chegou, mediu, dixo por alá, e por alá saiu. Non ven a conto o  
feito de cadrar as paradas a trasmán.

DANIEL

Sí polo menos perguntasen; pero o tipo, erre con erre.

RUTH

El foise e, arrestora, qué lle importará que nós sigamos a pre-  
ferir os camións das calderetas para ir á cidade.

DANIEL

A colleita de patacas non serviu nin para ver: Todas madro-  
cas.

RUTH

¿E ese cheiro que sube por algures, a cal, a causa perdida?...

DANIEL

¡Non vai haber! Aproveitan Pequeno Illó para as obras da  
cementada e á morren prisoeiros os peixes que baixan á foz.

RUTH

*Quedo*

Un Hotel de Turismo. Crerán que non hai más que chegar e  
bicar o santo. Hai tipos que xa, xa.

DANIEL

Por non perder o uso.

RUTH

Si fose diñeiro o que pedimos. Temos dereito a que nos in-  
formen, eso digo eu. ¡Que nos deixen en paz! ¡Que se vaian  
axiña, Dan!

*Enrabexada*

Gordas, pesadas moscas, voan e revoan e unha non acada a  
botalas lonxe.

DANIEL

E voltan, xa cho creo que sí. *Escóitase o motor dun coche*  
Aí os tés.

RUTH

*Con decisión*

Hai que plantarles a cara.

*Adiéntase tamén Daniel*

Non, déixame o conto a min; alcende mentras a chimenea.

# A N T O L O X I A

Dixo o Káiser: Eu aquí non paro, teño a miña casa e son dúas mil pesetas que meto na falchoca do alquiler, non vexo eu baturata, decidide.

A miña nai, nada católica co cambeo: "Otilia, cánto che vou botar de menos". Otilia, modista, cinco oficialas, unha axudanta. "Otilia, cómo son os homes, si non fora por tí, qué dominios tan soia". E qué contentas co abandono, café da cafeteira italiana, licor de guindas, galletas...

Dúas mulleres xuntas son o colmo.

Animadísimas: "Ai, Oti, tés unha man para o licor, sáeche riquísimo, ¿é difícil de facer? ¡Qué va, muller, do máis fácil que darse podel apunta, un kilo de guindas, medio de zucré, o litro de caña, a ponla da canela e nada máis que a maceirar e listo, está tirado..."

Dúas mulleres xuntas, recetas de cocifa, o bacallau. Ai, Oti, os homes son dunha boca fina, sempre macarróns, sempre macarróns

Home, claro, co que tí ganas, protéstame Román, imos xantar bistés todos os días.

As mulleres, revistas, Hola, Garbo, La femme elegante.

Dúas mulleres, tres mulleres xuntas falarán de modas, de qué van falar, a ver:

Otilia, modista.

A miña nai, labores.

¿Qué se lle pide á cousa?... A Oti tíñalle declarada a guerra ás gordas, a miña nai, ídem de lenzo.

Unha, dúas, tres mulleres, todas as mulleres acabarán falando do seu peso, seguro, si o saberé eu:

Fulanita está feita unha vaca, bótalle a culpa ao estreñimento, xa xa, ¿e mengana? un saco de patacas, biscoito, larpeiradas, non se priva de nada, non me digas Inés, si viras o que eu vexo cando probo, ¿conoces a zutana que está casada co director da axencia de viaxes?, vestida áinda, áinda, però vai cinchadísima, non lle sirve ningún dos modelos do comercio nin o Werter que ten unhas cazolas enormes, a ver cómo me podo esmerar eu coa agulla...

As mulleres falando sen acougo de modas, de gordura, altas baixas, ricas probes:

Ai, Inés, bótalles pitadas a ver si se deciden e me deixan en paz con tanta pinza, pero como si nada...

Suma e sigue, cousas do mundo adiante, reis raiñas.

¿Pero cómo é posible? Ai, amigos, soñar non custa nada.

A nai e a Otilia, dez pesetas de gasto e a revista Hola: Sora-ya, qué ollos tan diviños, a probe, de emperatriz a artista de terceira, o Rh, vai tí a saber o conto. Claudina Alonso, xa ves, polo número sete, viña no mercado percisamente o sábado, a Sora-ya, sen sorte na vida a probe da muller, ¿e qué me dís de Claudina?, nin andar xa, ten unha barriga tremenda, debe estar pra caér, bueno, tamén ésa a ónde pensa chegar, non me digas, a fillo por ano, unha coella, eso non é ter responsabilidade, o home, menudo vampiro, así está ela de anucida, claro, claro, si non pode reponerse.

E a miña nai baixando un pouco a voz:

—Eu como non me cuide, adiós morena; o meu Román é moi considerado.

E dixo a Oti, laiando:

—O meu é un volcán.

...Ai, os homes, si poidesen collarían únha e deixarían outra cunha facilidá espantosa, menos mal que nós, neso do divorcio, estamos protexidas polo Estado... (E botan outra copa e collen unha guinda cos dedos cun aire que hai que velas pra enterarse).

A mí a que me encanta é a Paola, dixo a miña nai, fixate o que pón, que entró no Vaticano en minifalda e o vixilante díolle que non, a ver por qué, moita manga ancha, moita manga ancha e polo visto á hora da verdá todo é de beizos para fora, entón para qué sirven as modas, por qué non vai a probe amostrar as pernas, que carainas, ganas de amolar, o que pasa é que anda esta princesa como lle peta, sin protocolos nin lilinas, como debe de ser...

Si da mesma maneira que vivimos ao día fórmos millonarios, jo, Dios me libre, a miña nai, subida á parra e feita un figuraín dende a mañán á noite, pero qué aire. Logo, xa vedes, as cousas como andan, os dous por Lille. Como quén dí redondamente, querer ser señoritos i esbararnos o cù da almofada, con perdón, pero é o seu nome xusto.

A ver ¿de qué poden falar as mulleres modistas coas mulleres de profesión labores da súa casa?

O pai, outro calibre: As autopistas de penetración sonche moi necesarias, non hai sardiñas como as nosas, ónde imos comparar coas de Santander, qué disparate, á xente métenlle gato por lebre e queda tan pancha, o subdesenrollo é debido a

# ANTOLOXIA

algo, digo eu, ¿non ves, Káiser? repara o que dí o xornal, os italianos están facéndolle o boicó ás laranxas de Valencia, non queren que entremos no Mercado Común. Dixo o Káiser: Na guerra, menudos cagarrías, o que pasa é que nos teñen tirria polo fútbol. Fútbol, fútbol, fume, fume.

Marcial somos os más grandes.

A miña nai nas Casas Acollidás quinto piso ascensor letra B, aprendendo corté e confección polo sistema Durán de González, fichas culinarias Eva, San Sebastián, frivolidé, salsa bechamel.

A volta a Cantador sentóulle coma un tiro e adevertiu: Por min que ningúén se queixe de asfisia, pero aviso, nada de maniobras, recolle aquí, pon alá, deso cruz e raia, non vou ser más escrava das vosas monicacadas, non faltaría más...

Entón mercáramos a plazos un tresillo de plástico coma o do salón de probas da Otilia, Oti en verde e nós en roxo, mellor distinto, claro.

En Cantador, dixo a nai, Coidade o mobiliario porque vós sodes todos uns adáns e por vós, hala, a tumbarse a paparrandona i antre o viño e o tabaco, seguro, en tres días, do tresillo non quedan nin as patas.

Fíxose o bodeguete de fondal para amáños.

Este aire ven do inferno, menudo xeito de encetar o outono, normal non é cando xa o sol baixa ao mar e as bouzas esmoren contra os claros do ceo, eu cando deite ao neno dómame unha ducha de moito mimo, qué ben virás auga pola espíña embaixo.

‘Ao que conto, aposto o que seña a que isto ten que rematar nunha tormenta como é debido.

As follas do patín, nin moverse e o Petigrí pouzado coma un queixo no cobertor da plancha, occurrencias da vella, vamos, nin que non soupera o mexanacama que é, ¡contral, así dá gusto e logo que lave a miña neta, eso é ter consideración, pero xa estou curada de espantos e hai que ver os ollos do neno, mesmo lle falan, o que se dí vulgarmente más ollos que cara, e no seu coma toda a familia Briz, a adiantar que é un primor, os dentes bótaos a pares, si te descuidas fai un hin e xa levas marca das paletas i esta vella decíndome coa sentencia que sempre lle bota ás cousas, “Tí que sabes, Maxa, tí que sabes, os nenos medran e chorán polo seu ben”. Muller, para tí a perra gorda, e por falar que non seña, claro que non, unha verdadeira roncha, si fixéramos caso a todo o que explica no día, apañábamos, menuda

dor de cabeza e ben mirado, sentencias sí, pero ela non o atura que neso de vivianos xa é difícil que mellore e dende que os pais largaron a Francia, Lille, rue de... (teño que buscar unha carta) e dende que se foron, aquí está menda de pandota, pero eso é fariña para levar ao muíño e ainda non é a hora, vaiamos por partes que a historia chegue ao seu tempo como é o mandado.

Ao ano escaso da volta a Cantador nacéu o Petigrí, nun principio a nova nin fu nin fa, a cara que puxo o pai, cortado: Ai Román, ando coa mosca detrás da orella, dúas faltas e a verdá eu neso i en todo tan puntual, Román estou escamada, non sei por qué me dá o corpo que vou a engordar, veremos, imos agardar outro mes e a ver qué pasa. Agarda outro mes e nada, entón el que algo perde o control, que non se farta de esplicar a todo quisque: imperdoable, un descoido que non ten perdón... Dalle co pandeiro do descoido a todas as horas e cando o pai se pon pesado non o interrumpas, nena, non vale a pena, repite el, repite. Unha inxusticia, unha incompleta inxusticia, digo eu, mírese por onde se mire. Sempre co mesmo, consideremos o caso con calma, ¿a santo de qué tanto protestar? Non era a cousa pra poñerse tan pesado vaia por Dios, tampouco é festa aturar panza, gómitos os nove meses do problema natural e lóxico.

Nada hai tan sabio coma a naturaleza si se deja...

E ainda logo escoltar monsergas do seu home. Vamos, ao fin déitanse xuntos todas as noites, digo eu. Non é que defendá a miña nai e mirade que poño por diante que os quero aos dous igual, pero ¡contra!, ao pan pan e o viño viño.

O que eu cismo nesa custión:

Maxa, ollo, os homes son uns egoístas de coidado, para mim a tallada e os demás que apañen.

Maxa, vaite enterando o que é a vida, non fales logo de engados e polo menos o día que te cases, andando, a meterse pola boca do lobo.

E cando estivo pra caer na cama, chachos, qué cambeo, o pai, do más amable e animándoa, Inés, todo vai sair ben, xa verás, non te preocupes que aquí ando eu, miña rula.

E despóis do trance, o meu pai, hai que ver, todo tolo a dar pulos e vivas, vaia un pincho:

— Brindo polo chaval.

Estas do corazón quén as entende, si son coma a maré, igual suben que baixan.

# A N T O L O X I A

Estou atufadísima.

Teño o corpo caído, sen estímulos.

Eu ando percura, percura requettepercura percurando un motivo para meterille a Nola o dente:

A ver, por aquí, que a Nola axuda ao bar, pero qué historias, home, sí, no aramio, a min con éas, ¿dende cando dás golpe con tres irmés maiores que te adoran, o pai, a nai e unha criada que axuda nos domingos?, cóntallo a quén queiras pero non a min, non subes a verme porque non che peta, así de claro. E volta a rebuscarlle un pé: Presumida do demo, de punta en blanco somentes para vir ao cimiterio, non é nada a nena...

A cousa vai crecendo.

...arréglate e baixa, ¿pero quén eres tí, mamerta, para mangearme e ordenar o que teño que facer o sábado que ven?, unha completa imbécil. Estará pensando, Maxa, a probe, abúrrese coma unha ostra, a culpa téñoa eu, somentes eu por facerlle caso, pois que se entere, os guateques de marras, cáncamos, non producen nin frío nin calor...  
(Xa non me pasa dos dentes)

...aquei zangoneo de rizos, ja, qué risa, unha maneira tan finxida de abrir a boca, todo é pose, téñocha eu moi estudiada, corte ao garçon, pregunta tí, pregunta a quén queiras, pelo longo ou rapado, canto más non adorna unha melena, o que lle pasa a esta individua é que está facendo o imposible por agarrar un parvo que lle pague o cinema, a carne no asador, sae fina, xa cho creo eu. Así calquera e o que non se ve; sabe a Nola más que come.

(A Nola, cun rostro de descarada que mesmo dá a entender o que é)

Dunha vez para sempre, é inútil, ríndete Maxa, entrega eses cartuchos e ríndete xa.

(Eu, desesperada, que me poño enferma, eu, estou odiando á Nola con todas as miñas forzas)

o de dentro é envidia, simple, pura, enorme envidia.

Envidia.

Sae o vapor fervendo e non hai melloría, si cabe estou más triste.

A casa volvemos en silencio.

Hai unha visibilidá extraordinaria eiquí enriba.

Pola estrada de circunvalación rodan os coches.

Peto á porta, eu non séi por qué si en Cantador a porta estivo sempre aberta.

Sae o Xermán e vexo na cociña a cabeza do neno.

Subo a alcoba porque teño unhas gánsas tolas de mirarme no espello, achégome coma si fose ver sair unha figura nova que non seña percisamente eu, quizás unha María fermosísima, rapaza loira a rirse sen motivo por todo, pero chachos, cá, dígovos que pasenñamente achégome con medo, hai unha rapaza que non quero tampouco que seña nada meu páleada, irtia, mírate, fraca, mírate ben morocha entérante ben, nin con parches, María e con desastre así ¿quén poderá poñerse a competencias?, a ver decideme, cómo.

Seco a cabeza.

Aparece o Xermán para falarme, móndoo liscando que o conto non morréu, E qué che pasa, ¿por qué esa seriedá? E díxome el que nesta casa dende que eles marcharon xa non hai quén pare, pero fala deixándoo caír con homildá, a ver, digo eu, a ónde chega hoxe con esta operación de paz e de dozura.

— Cánto me prestas

— Nada

(...)

Dí todo o mundo, Nena, a vida enceta aos quince anos. Mira tí qué cousas, polo visto a esta edá ten sempre que ocurrir algo importante, coma sentirse de súpeto muller.

Houbo na casa moito que falar a conta da visita, o pai, anda morena, a preguntarlle á nai a quén saíra eu, non cabía de animación por cousa tan sinxela, o que pasa é que aos probes ninguén lles canta os méritos, daquela na casa, chachos, qué boureo, sorrido os pais de orella a orella porque tiñan unha filla que valía algo sen deberlo a ninguén.

Con tal asunto o Káiser e o meu pai mollarían a pallete, non me lembro. Máis ainda, todos os que subiron aqueles días non se salvaron de escutar a historia da filla lista do señor Román adobada ao gosto da familia, xa se sabe, o corazón axuda a encher a boca. Díolle aos amigos:

— Estivo acó a maestra do Complexo Escolar e merendou, vale un Perú, qué trato ten unha rapaza tan nova, o que ela sabe, mesmo semella que cando vai falar quere pedir perdón por si está cometendo un disparate, hai que ver o que son as

# A N T O L O X I A

cousas, hoxe a xente busca airoso, campanillas, que digamos ah ah qué listura a deste home longamente sabichoso, sabio, milagreiro, cánto cantísimo sabe o home aquel que descubrío sen querer a caída da primeira folla sobor do sombreiro, xa vedes eses tipos, se non fora por eles, ave María, ónde estaría o mundo, coa iñorancia, non me digades que non é unha lástima ser así de asoberbio, dixo o meu pai con moito paripé. Seguíu coa historia da sabiduría:

— Os méritos dos sabios están asulagados, logo morren os probes, os que o son de verdá e veña, halas, botafumeiro por todo o alto para dar fe do home que perdemos, señor, qué lle importa ao sabio dende embaixo si xa está dando malvas.

A vida é unha pura facundia dende os pés á cabeza. Sigamos a conversa que daquela tivo o meu pai falando con gran acougo:

— Mirade que sopraba o vento, pois ela coma si nada, ¿sabedes a qué veu?, ¿sabedes o que dixo?, que a miña Maxa...

Os seus amigos, moi contentos tamén:

Román, éche unha boa cousa.

Román, que non hai nada no mundo pra pagar a cultura.

Román, a iñorancia fámos coma vermes.

A iñorancia é o porvir a base de patacas.

Román, por eso temos medo  
por eso aturamos, por non saber, somentes por eso.

Román ai, a que daría eu,  
o que non sabe é o mesmo que o que non ve.

Román, si che tapan os ollos ¿cómo imos reparar na diferencia?, ¿cómo Román?, a ver, quén pode así.

Díolle un vello: eu non teño diñeiro nin falta que me fai e de qué sirve hoxe, mirade que si un día se empeñan os que poden, Román, xa ves, un foguete de mandos á distancia ¡paf! pal-mámola, non queda sobor da superficie nin un becho vivo, e o que poda contalo, coma Adán i Eva, boh, o diñeiro pra qué, papel mollado.

O meu pai asegúrólles a todos que non, que a súa filla non iba perder o tempo, conmigo sería unha cousa distinta, secretaria modelo, o porvir está hoxe nos idiomas, para desenrolar un bo traballo espíicate no yu spik inglix, péganse moitísimo os idiomas, moitísimo, pola súa parte non veu eu descoidarme, non faltaría máis.

Pero a xente fala por falar, nunca pensa que máis adiante, se cadra, algo aparece detrás dunha porta pra trastornalo todo.

Aboa Inés cantando:

— Debiche nacer neno que é mellor.

Nunca me deixa en paz, repite: *O porvir é dos homes, dos homes, as mulleres non pintamos nada, nada, dime nena, para qué vas molléndote ao Instituto si non botas unha man na casa con tanta historia, tí sempre preferiche as cousas raras, esta nena responde e ahi que ver o que dí que xa non sabes qué contestarlle, esta nena tan sabichosa que quere comprender os eclipses de sol.*

Xa podo erguer a catedral más alta con toda a filigrana para deixar barada á miña aboa que eso non será nada si é cousa de mulleres, ai os homes, xa se sabe, os homes necesitan ir polo mundo adiante a abrir buracos seña como seña, Xerman crávame ben esa punta, Xermán qué maravilla de buraco redondo, abrícheo ti rico riquísimo neto da miña vida, o que ti vales co cravo ese tan difícil de entrar escachando a paré, que non o hai mellor, non ten un pero, xa cho creo, Xermán, canela en rama. E qué queredes que responda Maxa co amor da vella polo primoxénito, ao fin de contas din que a felicidade é vivir engañados.

A señorita Márbara déramoslle un can.

Ela tiña un canario que comía na man e un acuario con peixes, xabre e anacos de coral.

Unha vez pola portalada do Complexo Escolar entró un chucu.

— Quis quis, ei vós, ollade, dixo a Puri.

— Quis quis, quis quis, dixemos todas.

O can sigue andando coma si non fora para el a chamada, túmbase no chan e fecha os ollos.

— Vaia roña

— ¿Imos lavalo?

— Andando.

Nola e a Dioni levárono na fonte do mercado e Purita e máis eu esculcábamos no calexón do Cristo das Calatravenses.

— ¿Vedes alguén?

— Non, seguiðe

— Mira que avisedes, poñen multa de quinientas pesetas.

Contra, qué pesadas, rematade xa, que lle estades metendo a escuma polos ollos.

# A N T O L O X I A

*Un can fuxido*, igual que un home, nunca quere saber de hixiene e de lavados, un can que fuxe endexamáis ten tempo de ollarse na iauga, un can vagamundo moitas veces ten as patas de atrás algo mal postas de tanto camiñar, a xente non más ollalo e di:

— Oh, qué porcallada de can, qué noxo, lisca de acó, iste can ten a rabia.

Botánlle pedras. Espílete, tira pra diante axiña, probe animal sen dono, e as carrachas que te coman vivo porque a tí ningúen te axudará.

O noso can na fonte está a choupar coa língua polas lousas con moita ansia.

— Deixaide o cano aberto, dixen eu.

O noso can xa limpo semella moi feliz.

Penso si sería un can de circo i estaría daquela esgotado de tanta función coma alí lles meten. Na pista aos animais danlle moito coa tralla, todos rápidamente aprenden a dar pinchos carneiros, e saúdan ao público moitas veces, pero qué burra, qué burrísima é a xente dándolle polo pau ao domador, aplaudíndolle. Os cans, as focas, todas as bestas, os leóns, as pan-teiras que ensiñan tanto os dentes, todos, todos, obedecen ao domador. Os domadores dobran a voluntá do animal a base de trallazos, dobran os osos, eles dan pulos, visten volantes, todo está preparado pra presentarse, un fermoso espectáculo en bandeixa. Estes domeadore resultan uns tiranos, para qué aplaudimos, para qué, porque nas gradas todos non somos nenos, os nenos, xa se sabe, malpocados, pensan que os cans bailando e dando brincos e simplemente porque están moi ledos.

Sempre me deron verdadeira lástima os cans do circo, sempre lles reparéi nos ollos tan tristeiros. A ver, decideme, un animal é o mesmo que un home e debe darse o gosto de andar ceibe e ollarse nas augas dun río que atope no camiño e poñerse a beber con toda a pachorra e se cadra decir, Aquí lávome eu.

*A Xosé Manuel Beiras.*

Nunca esquecería, nunca,  
terrás do meu país,  
rastro de rodas,  
benigno sol, xesteiras,  
e ise mar compartido  
onde nos afogamos  
e xurde a man de novo  
atravesando as ondas.

Galicia,  
torre de ramos verdes,  
catedral do meu sangue.  
Felicidade, insomnio,  
oceáno de puños e de palmas.

Matrona  
dos más duros oficios,  
ámeto tutelar,  
perfil do aire.

Galicia,  
a barca en punto.  
(Pero nunca sabemos a qué hora)

E sempre  
esa louca esperanza  
agachada detrás  
dun gran silencio negro.

*Estacións ao mar, 1980*

# A N T O L O X I A

Sempre baixaba pola Plaza Vella  
onde nenos xogaban a moedas  
no mercado dos peixes.  
O recalmón callaba polas mesas  
un bafo insoportable, das agallas  
que arrincaban de cedo as vendedoras.

Ao lonxe, o mar máis bo,  
as hélices grisallas do Estaleiro,  
portalóns do Arsenal, altos, escuros,  
gastados pola chuva.  
As aves sempre  
comía unha independente caravana  
desvirtuando o vó...  
ah, don tremendo de bater ao aire.

Infancia, pasos meus, irrevocable sombra  
é todo o que me queda da túa noite.

Pradeirío do Tempo, campo ileso,  
gozar de maio para as miñas pombas:  
¡cómo delega a vida esa dozura  
que abrigaba na porta có teu nome!

Sen matinar áinda que eternos non serían  
cantares de altas gorgas  
a quencernos un pouco coma apertas pequenas.  
Sen saber nada áinda das dúas bandas  
que dividen, perdidamente, aos homes,  
se doux algúnhha vez se recoñecen.

Pois conxúranos un ebrio testamento de anos,  
un esqueleto ao mar, que non devolve  
nun tan xiquera florecido un óso.

¿Non o sabiades?  
Nada é ise acougo transitorio, de beira:  
O mar perto da area, que xa é o mesmo  
que decir a Morte.

NON. Endexamás contigo ise raiceiro que se revela firme.  
Tampouco nunca libre canción que alguén guinda no patio.  
Racha clarísima, o arume dos piñeiros préstasenos un intre  
para amostrar no roce a valía follenta en cada árbore.

Abride ben os ollos: Mañá fresca no aire! E qué concerto  
se tí estiveras lista para entrar có teu propio verdor  
coma se de un ramallo noviño se tratase!

Lola en lontana orela, no teu recanto absurdamente antiga.

Mais non lle importa ao día a túa sombra olímpica;  
fáloche agora dende o único xeito que me sirve:  
Igual que se abren mans, oracións ou plumaxe.  
Miña Lola de amor, ¡que xa os pombeiros arden  
con bravo recalmón, desmedido, de alas!...

Pola contra os caídos non voltan a cabeza,  
nin confunden a hora, nin berran "NETA" ou "PATRIA",  
nin pra atopar compañía mareláran os fíos dunha espiga.  
E non lles sirve a gorxa para berrar con forza  
campos mellores, eidos, colmenares,  
humana voz que permita, se cadra,  
un verbo cara ao chan coma testigo.

.....  
Polo silencio desta casa grande consigo o son do mar.  
Ouh, qué vento das illas, Lola de amor, qué vento,  
xa que todos os gozos finan nun mar, ben salado, o da  
morte!

Muller da miña casta, Lola das roxas viñas,  
iste mes é setembro a redimirse  
maduramente para alguén no froito.  
Tí, acouga en paz. Sobre a violenta verdura da túa tumba  
traballan en ringleiras afanosas formigas.

Agora, endexamás podemos devolvernos  
nun tan xiquera unha ollada.

# A N T O L O X I A

Xa que éramos así, seguros e felices,  
vida-primeiro sol-primeira ponte-  
onde xurraba tolamente a auga.

Paso A Graña e os fortes.  
Ao pé do monte Brión esbara a néboa.  
Volvo contigo á miña orixe,  
mare meu, que intactas me devolves  
as cousas que esquecimos das primeiras estancias.  
Todo o aprendín aquí, Lorref, na onda.  
Fixeron o seu papel  
os chumbos esqueletos que custodian a ría,  
a maniobra dos remolcadores,  
o dique, a correntada.

¡Se souperas cómo me recoñezo  
neste máxico asombro suspendido no aire!

Ouh, Lorref, corazón de navío,  
dique grande de todos.

Ninguén retorna do gran reino do mar,  
mais dudo que en tí non flote  
áinda coma unha rosa  
a vagabunda vocación do home.

Suben os mariñeiros pola rúa Real  
e unha muller acude ao seu encontro.  
Amores sen problema, acougo de guerreiro,  
voces xa repetidas nesta ribeira atlántica.

Ascende a noite cósmica. Algo dirán os astros.  
A noite ven. Vulnérano a noite.  
Duro bris inicial nace dende a mariña  
e fura nos ouvidos coma un grito.

Teremos de cantar antes da tebra,  
marcar o ritmo que acompañan os élitros,  
ceremonias solares para erguer os tesoros,  
a esperanza contida dentro da luz da tarde.

A noite ven. Complicanos a noite.

¡Ouh as noites marítimas que todo o modifican!

A noite é só deia.  
Mudo sello:  
O sentido das horas e dos pasos. ▲

## TEXTOS CRÍTICOS

### 3.- Os temas.

*Adiós, María*, con ser unha novela da emigración, non se limita somentes a este tema. A emigración é algo que está latente en todo, algo que se vive, e ao mesmo tempo, un tema de conversa coma calquer outro (pp. 45-47). Por culpa dela está pasando todo: unha familia unida, e feliz co que tiña, desfaise. Na casa todo vai mal. Os pais mánanse a traballar pra mandar-lles os cartíños. O abó reconcéntrase no seu diario, hermetízase, e aí vos matedes todos (páxinas 132 e ss.). Maxa non sai de Cantador. O Xermán..., xa sabemos del.

Pero, engarzados uns en outros, e tocados más ou menos someiramente, aparecen outros moitos temas; por exemplo (e non vou facer más que enumerar uns cantos, sin espicalos):

- os pisos modernos (pp. 13 e ss.).
- os temas de conversa das mulleres (pp. 14 e ss.) e dos homes (p. 16).
- as dificultades na percura do choio, e a influencia que o estar desocupado ten, incluso, na sicoloxía dos homes (pp. 20 e ss.).
- as palabras bonitas, pero non acompañadas de feitos (neste caso, do Bispo) (p. 22).
- as basuras, e os depósitos delas nos arredores das vilas (p. 26).
- a morte por suicidio (pp. 26 e ss.).
- as ansias de saber dos nenos e as axudas dos diccionarios (p. 27).
- os créditos bancarios (pp. 45-47).
- a política na conversa dos homes (pp. 47 e ss.).
- a historia sempre se repite (pp. 51 e ss.).
- a bebida.
- a televisión (capítulo VIII, pp. 147-160).

O interesante, en todos eles, é ver o enfoque que lles dá Maxa, os seus comentarios pesoáis mesturados co que conta ou ca relación que fai do que se está falando.

(...)

### 8.- Maxa

É unha nena de quince anos, con carto e reválida (p. 42), intelixente, curiosa, desperta (p. 42, p. 27) (4). Pantasiosa (p. 19), romántica (p. 35), más ben introvertida (5). Sensible, emocional (e non quixera selo: sufre a cada paso) (pp. 36, 52, 56). Enérxica cando hai que selo (6). Fácilmente conquerible polas solermas do seu irmán (p. 95). Ilusionada – como se está á súa edade – por un rapaz, do que non sabe más que o nome – Pepe –, porque os compañeiros del métense con ela os sába-

dos, cando pasea con Nola, e dixéronlle (páxina 116). Orixinal, con "caletre" (7). Segura do seu valer e orgullosa do seu éxito na visita da señorita Márgara (p. 104). Soñadora, amiga de escribir (p. 134); delicada. Máis ben de índole pesimista.

Ten moito amor propio (p. 50).

Siente rabia ao comprobar que as súas máns cheiran a lexía i están estropeadas (p. 86), ante o aliño e a compostura da Nola.

É unha rapaza que se amarga fácilmente, pero que tamén loita contra eso: así non gana nada, millor é despreocuparse un pouco das cousas (p. 31). Sin embargo, é moi sensible á Naturaleza, ao clima, e, nun momento de tristeza, pode adquirir un pouco de ledicia só con ver un día de sol, que o ilumina todo, ou con ver voar os paxaros.

É retraída; quixera ser cariñosa co pai, para consolalo, pero, "coma son tan mirada quedéime como estaba". (p. 33).

Dos seus soños, das súas ilusións, fálanos ela: "Eu polás noites soño, invento, falo, e se candra a ver si un sábado me decido e lle diré a Pepe, por exemplo, si ten algúna irmá. Re-pito estas panxolas centos de veces, xa se sabe, resolvemos na noite todos os problemas ou pola contra os vemos imposibles i escribimos cartas que nunca botaremos e diremos respuestas que algúna vez nos esquencimos de dar e desexamos namoros que logo non diremos a ninguén e tamén polas noites teño eu medo, penso nesa hora que Cantador é horrible, que estou más sola que a curuxa, que a vida é moi ingrata, qué sei eu". (p. 117).

"Eu quero acabar este conto dando ben a entender que me afogo aquí enriba, que teño unhas ganas enormes de vivir, que non podo quedarme así acougada entre dous vellos e contemplar as casas acollidas, hai que ter ilusións, xa dí a xente que quere convencirse dunha falsa maneira que de ilusión tamén se vive, sí señor, e por algo será, tal como están as cousas deste mundo para seguir adiante hai que botarlle á causa unha presa de sal, moita ledicia". (p. 65).

M<sup>a</sup>. Mercedes Brea López,  
"Adiós, María", de Xohana Torres.  
Estructura e persoaxes" en *Grial*, 1972.



(4) Ela mesma confesa: "Eu aos once anos era unha viva, cazábaas no aire" (p. 27).

(5) "non desfogamos fácilmente o que temos que desfogar, sorbe Rita que hai touciño, porque o metemos todo para dentro e logo a procesión dun lado para outro todo o que quere, sigue a proceso e un día, zás, solta o que teas que soltar que quedas acougada logo para rato" (Está falando a un tempo dela e da súa nai, dí que son iguales neso) (p. 36).

(6) Négase a rezar coa aboa, e aguanta firme a labazada, sin chistar, rabiando por dentro, pero sin deixar traslucilo (p. 139).

(7) Dijo ella misma no asunto do can, e do nome que lle han poner (páxinas 108-109).

## TEXTOS CRÍTICOS

A obra de Xohana Torres é unha novela "que se propón ver e describir o problema da emigración desde dentro". *Adiós, María* móstranos a Galicia lacerda pola emigración e as indiscutibles desfeitas que produce entre os membros das familias afectadas, como eiquí sucede co caso da familia Briz. O que realmente lle interesa á autora non é tanto mostrar o feito da emigración, como as consecuencias para os que fican na terra e, sobre todo, o intenso sofrimiento de Maxa, abandoada en plena adolescencia: "Lo fundamental es el personaje, el protagonista, aunque haya gran riqueza de matices en la descripción del ámbito en el que el protagonista se mueve".

O éxodo das persoas é algo tan vencellado a Galicia como o feito de nacer no seu seo. Houbo dúas vertentes dentro da emigración galega: no século XIX cara a América e no XX cara aos países europeos. Nesta novela, a marcha diríxese a Francia, como sucede por exemplo, no libro de Casares *Cambio en tres; estaremos*, polo tanto, dentro da segunda vertente, propia dos anos 1931-1950.

Desdén o primeiro momento, Maxa fainos saber de partida dos seus pais e das terribelis consecuencias da mesma na vida familiar: "(...) dende que eles largaron para Francia (...) todos con cataplasmas". A rapaza vai relatando ao longo da obra a desgracia acontecida nunha Galicia cidadán, nas bisbarras de Vigo, polo feito de teren que emigrar os seus pais. Denantes da desgracia, a familia Briz vivía tranquila no seu Cantador, "extra-rradio, seis kilómetros de distancia á vila", cuns medios económicos para vivir ao día que lles permitían o luxo de teren unha televisión e mandaren á filia a unha Academia para que poídese chegar a ser "unha secretaria modelo". Mais o despido do pai e a imposibilidade de atopar un traballo axeitado aos seus coñecimentos ou posibilidades físicas, obriga ao último recurso: a emigración.

O crecimiento demográfico e a falta de postos de traballo fan que a xente galega teña que emigrar: un home que morre afogado deixa un mísero posto nunha serrería; os numerosos candidatos deben pasar por probas e levar recomendacións para poder conquerilo. Román Briz non as supera, e a zozobra comenza a penetrar na familia astra que a necesidade empuxa á marcha. O procedimento para obter traballo fora, cáseque sempre é o mesmo; e así o fan os pais de Maxa: escribir a alguém que estea colocado aló e lles poida buscar algo, o que sexa. Os Briz diríxense a Vintín, que "xa leva en Francia catro anos". Como en todos os casos de emigración, marchan as xentes con forzas para traballar, ficando os nenos e os vellos: "Fóreronse nun tren da tarde (...) e polo demais, a vivir se podedes, xa cho creo".

Maxa, con quince anos, tense que facer cárrego da dura situación familiar, "pois non máis largar eles para Lille e cambia o panorama nun xiro de cero a cento oitenta grados (...)" Os vellos viven no mundo dos que se foron, sen atender á realidade presente, sobre todo a aboa, que se fai ler repetidas veces as escasas novas que mandan os pais: "Esta carta foi lida polo menos tres veces (...)" A educación dos rapaces - Maxa e Xermán - queda totalmente esquecida polos abós, que non poden - áinda que tampouco o intentan - suplir a falta dos pais: Xermán fai o que quere porque é o preferido da vella e o Kaiser non se mete. Para este rapaz, difícil de domear, "elemento de calidá, feito de encargo (...)", a autoridade dun pai sería quén de doblegalo e non chegaría a parar na cárcere nem a ser expulsado do seu traballo, como sucedéu. Maxa sinte fondamente a falta dunha nai para se poder comunicar, e o empuxe do pai para chegar a ser "secretaria modelo", pois a aboa non entende as aficións literarias da neta e ao resto non lles preocupan: "(...) esta nena, sempre a ler, mira que é rara, (...)" Pouco a pouco, deixará de baixar á Academia para pecharse na casa a traballar arreio: "(...) nesta casa dende que eles largaron aquí non se fai máis que traballar (...)" O pobre do Petigrí ten que medrar sen saber o que é o cariño dos pais, case sen coidados, sen que lle concedan demasiada importancia; así levó o "pote" que a punto estivo de causarlle a morte: "(...) faltou pouco para que quedase no sitio (...)"

A familia Briz, feliz e unida antes da marcha dos pais, parece agora un inferno; todos viven na mesma casa pero non existe convivencia entre eles; a súa vida redúcese a un mero vexetar, sempre á espera de algo procedente de máis aló da fronteira; viven co espíritu posto en Lille, case esquecéndose do que os rodea.

Maxa, a protagonista, é quen máis sofre, amás de pandar con todo o traballo: "(...) dende que eles se foron, aquí esta menda de pandota, (...). A rapaza é consciente do cambio de situación e reflexiona sobre os feitos e repercusións no seo familiar, sentíndose abrumada por unha inmensa soledade: "Estou tan soia coma unha curuxa (...)" Semella ser a única preocupada polos acontecimentos familiares, tendo que enfrentar sen axuda á realidade de cada día.

Os pais, aillados en Lille, son totalmente alleos aos verdadeiros sucesos de Cantador. As cartas levan sempre "mentiras piadosas": "(...) dilles que o de sempre por non variar (...)" A traxedia debe ser levada polos que fican na terra.

As consecuencias da falta dos pais déixanse sentir axiña. Nos dous anos que levan fora, Maxa, que non poido co traballo

## TEXTOS CRITICOS

e as preocupacións, está anémica; Xermán ten outro choio, pero "non asiste (...) moi católico"; o Petigrí segue a medrar, pero con moitas dificultades: "(...) é moi lento no falar, non reventa ademais (...) non ten o meniño ningún interés en conquerir o terreo arredor como fan todos os nenos, que non vai pra adiante (...)" ; a vella cada día máis aparvada e o Kaiser más indiferente.

O drama da emigración provoca en cada familia galega a desfeita do fogar, a incertidume e a soildade: Xoana Torres parece querer decir na súa novela que "ou todos dentro ou todos fora, pero non metá e metá".

Pilar Lorenzo Rivas,  
*Contribución ao estudo da novela de protagonista infantil e xuvenil na literatura galega contemporánea, 1981.*



A escritora Xohana Torres (Compostela, 1931), vencellada á xeneración dos autores nados nos anos 30, é unha das figuras más destacabeis da literatura galega de postguerra. E agora a fondura temática e a novedade formal de *Estacións ao mar* veñen subliñar a relevancia da A. dentro do panorama poético actual.

A súa obra non é só poética, pois ten cultivado tamén o teatro (*A outra banda do Iberr*, 1965, e *Un hotel de primeira sobre o río*, 1968), a narrativa (*Adiós, María*, 1971), a literatura infantil (*Polo mar van as sardiñas*, 1968, e diversas adaptacións e traducións de contos populares e de distintos autores) e o ensaio (*Stanislavski e o teatro moderno*, 1965, *A literatura infantil*, 1975).

*Estacións ao mar* entronca formal e temáticamente co seu anterior libro de poemas *Do sulco* (1957). O constante traballo que sobre a palabra poética veu facendo a A. nestes últimos vinte anos deu unha maior perfección formal a este segundo libro. No contido atopamos esta mesma continuidade encamionada a un maior afondamento, pois *Estacións ao mar* non fai más que desenvolver a complexidade de temas acochados no verso-adicatoria que abre *No sulco*: "Inda que a Rosa é breve i o Tempo, terminábele".

Cómpre destacar como a poética radicalmente intimista de Xohana Torres ("Eu canto escuramente / nista soia virtude /

de non saber falar de menos dentro") lévaa á percura dunha lingua nova que lle permita expresarse dun xeito más total. Así, mediante a ruptura coa norma lingüística nos nivéis gráfico, fonético, morfosintáctico e semántico, consigue unha persoalísima linguaxe alóxica que tenta apreixar até as más sotís complexidades do pensamento e a vida: "Acó me tes onde a pisada é tempo / hoxe que no meu Tempo cairon as palabras. / Ana María Auz, acó estas cousas / e pónome a chorar coma unha tola. / (Estou soia de antonte, estou sabendo / meu corazón de nena pola man)".

Se podemos decir que a literatura na súa maior parte non é más que a tentativa de recuperar o tempo e a vida perdidos, teremos de engadir que en *Estacións ao mar* a tentativa convítase en teima obsesiva, pese a que a A. é consciente do imposible da recuperación: "nunca diría nada comparado / con todo o que eu fun / e endexamás quedará nas palabras".

Ainda así a poeta insiste coa súa "palabra no tempo" (como outra poetisa galega de postguerra, María Mariño) e non deixa de furgar na "hedra da memoria" que medra sobre o tempo da nenez, a terra e a morte. En efecto, estes son tres temas omnipresentes nas catro partes do libro: "O tempo e a terra", "O tempo e a memoria", "Elexías a Lola" e "Estacións ao mar".

É tamén apreciabel a consoñanza temática de Xohana Torres con outros poetas. Así, podemos destacar a presencia do poeta español da xeneración do cincuenta José Angel Valente e, más concretamente, da súa obra *La memoria y los signos*, polo que se refire á vivencia do recordo. Neste mesmo sentido, como lembranza da nenez, pero tamén como vivencia da terra, está presente o Cesare Pavese (significativamente citado pola A.) de *La terra e la morte*. Igualmente, o sentimento da terra e da patria ten fortes connotacións co occitano Federico Mistral (tamén explicitamente citado), de quen toma ademais o estilo épico-vaticinante que aplica (unha vez actualizado co coloquialismo de postguerra) no canto a Galicia e á muller galega, simbolizada na aboa Lola. Así mesmo o motivo do retorno ("Eu non digo 'volver', xa sei, non é posible") pode evocarnos desde Homero a Cavafis.

Hai, en fin, nesta meditación sobre o tempo que é *Estacións ao mar*, unha poesía de fondas raigames literarias e filosóficas.

Carmen Blanco, "*Estacións ao mar* de Xohana Torres", en *Coloquio. Letras*, 1981.



## POEMAS A XOHANA



### NON SE SABIA

Non se sabía a cor primeira dos seus ollos  
nín a posición das maus  
nín as lindes da súa sorrisa de outrora.

Non se sabía qué formas acadaba o seu silencio  
nín o ámbito escuro da súa ausencia  
na mudanza interior da perdida memoria.

Non se sabía áinda  
se a voce era chamada era refugo  
se a existencia xacia na alta escrita da noite  
se abaneaba ás vegadas un lenzo  
nas mañás dos outonos.

Máis ela xa sabía  
por onde camiñer cando tornara a nóboa  
cando viñan as sombras insidiosas  
a pechar unha porta.

Luz Pozo Garza

*"Todo se torna escuro..."*

A ALMA LAIA COMA O SON DO MAR  
nestas praias estreitas da palabra,  
e percura nas albas os pasos perdidos,  
os aromas dos corpos tan amados,  
cando fica o mar polas costelas  
e entran coma espadas as ondas  
a se apousar no corazón.

LEVAN OS HOMES UN FRIO TERRIBLE  
POLOS SECULOS DOS SECULOS  
porque non foron posibles as eternas singladurias,  
as múltiples viaxes na luz e na brancura,  
e ficamos ancoradas no recordo  
cando fomos de sal e pailebote  
caracolas de bágoa  
ollando perdidas naves no solpor.  
¿DE QUEN É ISTA AUSENCIA?  
¿QUEN NOS PESA A PUNTO DE CAIR?  
¿de onde ven este calado rumor da batalla,  
o perdido corazón, a estática tristura,  
os corpos demorados no adeus tan silenciosos  
e ese oco de anguria no centro deste corpo,  
mutilado corpo da noite  
facendo da derrota o estandarte.

DIANTE DA MIÑA CASA VEN A LUA  
deixade que convoque ó ceo nesta noite abandoada,  
que ame ó astro na indiferencia que decora  
e perda nos cabelos a nostalxía dese dedo en pléamor.  
deixade que abra fiestras e voen paxaros,  
entren gaivotas libres no meu cuarto,  
enchan de luz os astros este rostro  
e repouse ó fin de tanta morte o corazón.

...O NOSO PAXARO  
DESPEGARÁ POR SER LIBRE E CANTANDO".

#### DIÁLOGOS DE VERSO

||

tamén *hai unha cor de sangue sobre o sangue*  
*hoxe que danzan os brazos coma ondas*  
*e vivir é a nosa verba conxugada,*  
*precisamente aquí, o centro delirante,*  
*a auga que se medra desde os ollos*  
*con todo ao descuberto, inevitable!*  
*hoxe que poidera ser calquera día*  
*para olvidar un pouco e olvidarse*  
*que hai unha cor de choiva sobre a choiva*  
*da banda desta aceira cor de sangue,*  
*hoxe que vexo bermellas as gaivotas*  
*chorando seu amor de praia grande.*

||

Non están congregadas esas formas,  
camiñan espalladas como arroces do verso gris das nosas  
[soledades,  
van coñecendo o fondo predilecto,  
voando polo "tempo e a memoria",  
roubando mar, cor, intensidade.  
Un can ben me coñece, un can suspira.  
Aire de can ou de palabra!

Ana Romaní

Rita Más Ybañez

|   |   |  |
|---|---|--|
|   |   |  |
| <p><i>Ti, soedá, palabra, ti sabías<br/>dunha simple medida que non crece,</i><br/>X. Torres</p> <p>Contigo, Xohana, vou detrás da voz.<br/>Chámoa polo seu nome, como a un neno.<br/>Chámolle tarde<br/>e sol<br/>e mar<br/>e cemiterio<br/>e moitas veces<br/>Fóxenos como un cervo<br/>e vai moi lonxe<br/>e pérdese<br/>na ingrávidez dos ecos.<br/>Cando chega de máis lonxe de onde non sei<br/>escónderese.<br/>E faise noite.<br/>É a soedade.<br/>A miña voz, a que fuxiu coa túa,<br/>é o silencio<br/>dun soñado baúl de bolboretas. ▲</p> | <p>Dende a lembranza anterga<br/>do canto redimido,<br/>onde o toxo se espella<br/>refrescado na choiva,<br/>eu recordo a parola amarela, trenzada<br/>nos mencerex cobrizos<br/>dos outeiros dourados.<br/>Lingoa do imposible<br/>polos ceos rachados do sangue,<br/>por silenzos predecibles<br/>na tormentosa incertidume<br/>dos despoboados.<br/>Aínda andamos cos ollos namorados<br/>agardando a memoria da imaxen primitiva.<br/>Soños e verbas de soedade,<br/>de perdidas batallas<br/>na brétema dos días.<br/>Queda o corazón mapoulado<br/>nun latexo sin nome<br/>testemuñando a vida. ▲</p> | <p>Son épocas de fin, de apocalipse<br/>momentos nos que todos dando tumbos<br/>debatímonos cegados na impotencia,<br/>con anguria e con medo, sin tenura.<br/>Transnoitan sentimientos e nostalgiais<br/>alborean tristezas e agonias.<br/>Neste craro desorden de vivencias<br/>tepedece a ledicia.<br/>A existencia asobaliada de miserias<br/>intérnase en abismal mediocridade,<br/>vulgaridade eterna e persistente<br/>cobregando ó noso derredor.<br/>Ramlona raposa vella<br/>que esconxura e determina a realidade.<br/>Todo ó carón do chan, suxo e lixoso,<br/>presidido pola pútrida materia.<br/>Inercia que nos doma e nos abate<br/>en accións de engullir e descomer<br/>e ulir fétidas verbas, asoantes,<br/>abafantes de mortal trivialidade.<br/>As lembranzas dun pasado sin mañán<br/>e o tempo deslizándose até o ocaso<br/>afástannos do sol vivificante.<br/>Toda a terra crepita no valeiro.<br/>Noite de grandes choros, noite escura,<br/>os negros vencendo á policromía.<br/>Perdoade paxaros e gardenias.<br/>Son xeiras de final, de apocalipse. ▲</p> |

## CARTA A XOHANA TORRES



Maria do Cebreiro. 10 anos

Querida Xohana: Eu non sei o que cavilas tí, pero eu sinto moito que se fose Pericles. Agora, polas mañás, cando me asomo á fiestra e oio pasos pola rúa, quérome convencer de que é él pero o truco non funciona. ¡Ai canto recordo aquel parrafiño das mañás! "Quentiños, douradiños,

*a la madalé*, os churros  
que van fervendo.

Alá quedan aqueles tempos nos que discutía cos meus amigos se eran a la madalé, modalé ou modulé. ¿Que máis ten xa?

Agora todas as tardes busco no meu Atlas o Caribe. Foi difícil atopalo. ¿Onde andaría? ¡Ah! Aquí. Daquela miña nai contoume que o Caribe ten moitas illas, más grandes e más pequenas e que alí hai nenos negros e brancos. Eu imaxino a Pericles repartindo churros no medio dunha rolda de nenos de dúas cores. E os churros sempre quentes porque non dan enfríado.

Aquí no pobo todo é triste desde que se foi Pericles. O papá xa non le o periódico na silla de vimio. Agora sénтанse no sillón do comedor. Di que é más cómodo. Aló el. A mamá xa non fai aquelas fermosas leccións de Xeografía e Historia. Os nenos non xogan e eu abúrrome moi...

¡Mesmo o señor Alcalde o bota de menos! Fíxate, Xohana. El é un señor serio como di el mesmo, ainda que a min me parece que debaixo desa barba branca esconde sempre un sorriso.

¿Non poderías facer outro conto no que volvese Pericles? Os escritores podedes facelo todo. Pidochó por favor. Faimo volver. Que en Galicia tamén hai mar abondo para Tálata. Explícale ti que a auga dos mares galegos é moi sabedora. Ademais xa case temos cartos para unha grande piscina. Os nenos fixeron xornais e eu mesma gravei para a radio. Así xuntámos os cartos. ¡Mira a onde chegamos para que poidan volver!

Xohana, escríbenos axiña ese conto.

Unha aperta moi grande.